



DIARIO OFICIAL

de GALICIA

Mércores, 15 de xuño de 2005
Taxa 0,86 € (IVE incluído)

SUMARIO

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

— Orde do 30 de maio de 2005 pola que se declara a alienabilidade dun inmovble na rúa Valle Inclán número 14, de Monforte de Lemos (Lugo).

Páxs.

10.387

Ano XXIV
Nº 114

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Páxs.

- Orde do 13 de xuño de 2005 pola que se anuncia o procedemento e os criterios para a concesión de crédito orzamentario destinado á adquisición de material educativo en galego polos centros escolares públicos de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, adscritos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co fin de fomentar o uso do galego nestes centros. 10.387
- Resolución do 18 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición do tribunal que deberá xulgar as probas para a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2004-2005, e se ditan instrucións acerca da realización das probas correspondentes. 10.390

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

- Orde do 9 de xuño de 2005 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes das prórrogas de bolsas para realizar estudos de doutoramento convocadas no anexo I da Orde do 29 de abril de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* do 10 de maio). 10.390

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

- Orde do 30 de maio de 2005 de actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime do pagamento único. 10.391

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

- Orde do 8 de xuño de 2005 pola que se dispón a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, dos estatutos do Consorcio Turismo Ribeira Sacra. 10.420

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Páxs.

- Resolución do 22 de febreiro de 2005, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do texto da acta da comisión paritaria do convenio colectivo de comercio alimentación, da provincia de Ourense. 10.429

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

- Corrección de erros.-Resolución do 11 de marzo de 2005 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega. 10.430

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Corrección de erros.-Orde do 25 de maio de 2005 pola que se procede ao nomeamento como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia dos aspirantes que superaron o proceso selectivo, convocado pola Orde do 26 de decembro de 2002 de diversas categorías correspondentes aos grupos IV e V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. 10.432
- Resolución do 1 de xuño de 2005, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 012 (mestre/a de taller) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola que se fan públicas as puntuacións definitivas da fase de concurso. 10.432

CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCEIRA E CONTABLE

- Corrección de erros.-Resolución do 21 de abril de 2005 pola que se convocan probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de analistas programadores deste organismo, pola quenda de promoción interna e cambio de categoría. 10.433

SERVIZO GALEGO DE SAÚDEPáxs.

- Resolución do 9 de xuño de 2005, da División de Recursos Humanos, pola que se resolve definitivamente o proceso extraordinario de consolidación de emprego de determinadas categorías do Servizo Galego de Saúde, se nomean os aspirantes seleccionados como persoal estatutario fixo do organismo e se lles adxudica aos participantes o destino definitivo correspondente. 10.433

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE CANGAS**

- Edicto (335/2004). 10.434

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Edicto (501/2004). 10.435

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

- Cédula de notificación de sentenza (244/2005). 10.435

VI. ANUNCIOS**a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA**

- Resolución do 8 de xuño de 2005 pola que se anuncia a licitación da poxa aberta das obras de clave OU/05/003.06 e dúas máis. 10.436

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Resolución do 12 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se anuncia o extravío dun título de técnica superior en hixiene bucodental. 10.437

Páxs.

- Resolución do 12 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se anuncia o extravío dun título de técnico especialista, rama administrativa e comercial, especialidade administrativa. 10.437
- Resolución do 10 de xuño de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso, de procedemento aberto e tramitación de urxencia, para a contratación da obra de construción dunha pista polideportiva e vestiarios no CEIP Galdín de Cervo (Lugo). Esta obra está cofinanciada pola Unión Europea con fondos procedentes do Feder. 10.437

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

- Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/10-4). 10.438
- Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/12-4). 10.439
- Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/13-4). 10.439
- Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/17-4). 10.439
- Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/23-4). 10.440
- Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/30-4). 10.440

- | | <u>Páxs.</u> |
|---|--------------|
| — Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/31-4). | 10.441 |
| — Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/32-4). | 10.441 |
| — Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/33-4). | 10.442 |
| — Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/35-4). | 10.442 |
| — Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/38-4). | 10.443 |
| — Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/41-4). | 10.443 |
| — Resolución do 25 de abril de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/174). | 10.444 |
| — Resolución do 27 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición da autorización e aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións e obras constitutivas dun aproveitamento hidroeléctrico. (Expediente IN407A 04/720-4). | 10.444 |

- | | <u>Páxs.</u> |
|---|--------------|
| — Resolución do 2 de xuño de 2005, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se aproba o proxecto de execución, se autoriza e se declara, en concreto, de utilidade pública, para os efectos da urxente ocupación, a instalación eléctrica de modificación do proxecto da liña de media tensión, centro de transformación e rede de baixa tensión Bellós-A Fraga, concello de Antas de Ulla. (Expediente 034/2001 A.T.). | 10.445 |
| — Resolución do 6 de xuño de 2005, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento de actas previas á ocupación para a instalación eléctrica que se cita. | 10.446 |
| — Resolución do 6 de xuño de 2005, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública para estudo ambiental, autorización, declaración, en concreto, de utilidade pública, aprobación do proxecto de execución e proxecto sectorial das instalacións que comprende o proxecto Parque Eólico Ribeiro. (Expediente 112-EOL). | 10.448 |

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

- | | |
|--|--------|
| — Resolución do 14 de xuño de 2005 pola que se anuncia a contratación, polo sistema de concurso, procedemento aberto e trámite ordinario, das obras que se relacionan. | 10.451 |
|--|--------|

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

- | | |
|--|--------|
| — Resolución do 9 de xuño de 2005 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto por concurso e trámite urgente, da obra de actuacións no edificio medieval do conxunto monumental da colexiata de Xunqueira de Ambía. Segunda fase. Xunqueira de Ambía (Ourense). | 10.453 |
|--|--------|

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- | | |
|---|--------|
| — Resolución do 25 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se anuncia a licitación, por concurso aberto, dun contrato de obras de construción dun edificio para a lonxa de Lira (Carnota) cofinanciado con fondos IFOP. | 10.454 |
|---|--------|

Páxs.

- Cédula do 3 de xuño de 2005, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESAN1 2004/000851-1 e dúas máis). 10.455

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

- Resolución do 5 de maio de 2005, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se notifica a resolución de imposición de sanción relativa aos expedientes sancionadores en materia de espectáculos públicos OU-E-188; 219; 221/2004. 10.455

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

- Resolución do 7 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se somete o proxecto de construción e explotación dunha planta para a recollida e reciclaxe de plásticos agrícolas no concello de Guntín (Lugo) a información pública e audiencia aos interesados. 10.456

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

- Resolución do 8 de xuño de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, pola que se anuncia concurso, polo procedemento aberto e tramitación urxente, para a contratación dun servizo de retirada de material das oficinas de emprego, clasificación, almacenaxe e dispoñibilidade do material polo Servizo Público de Emprego. (Expediente 12/2005). 10.456
- Cédula do 6 de maio de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se notifica resolución do expediente sancionador incoado por infracción administrativa na orde social (37/2005). 10.457
- Cédula do 6 de maio de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai pública a iniciación do dereito de audiencia nos expedientes sancionadores na orde social (134/2005 e dous máis). 10.457

Páxs.

AUGAS DE GALICIA

- Resolución do 24 de maio de 2005 pola que se ordena a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 6 de maio de 2005, polo que se aproba o proxecto sectorial refundido do aproveitamento hidroeléctrico no río Xestosa, no concello de Oulol (Lugo), promovido por *Hidroeléctrica de Oulol, S.L.* 10.458

EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS

- Resolución do 18 de maio de 2005 pola que se fai pública a adxudicación dos contratos administrativos que se citan cofinanciados con fondos da Unión Europea. 10.458

ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

- Resolución do 9 de xuño de 2005 pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e adxudicación por concurso, tramitación urxente, das obras que se citan. (Expediente CO-12-42-05-01 e catro máis). 10.459
- Cédula do 10 de xuño de 2005 pola que se somete a información pública a proposta de actuación para a construción e explotación dunhas instalacións náutico-deportivas e ordenación da área portuaria de Cambados. 10.460

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

- Resolución do 21 de abril de 2005 pola que se lle concede a acreditación de laboratorio de ensaios para o control de calidade da construción ao *Laboratorio del Noroeste, S.A.* (Labornosa), con domicilio social no polígono de Bergondo, parcela B-46/3. 15165-Bergondo (A Coruña). 10.461
- Resolución do 8 de xuño de 2005 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite ordinario, da contratación da redacción do proxecto básico da obra de construción de 32 VPP no Porriño (Pontevedra). (Expediente PO-2005/702). 10.462

	<u>Páxs.</u>
INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	
— Anuncio do 19 de maio de 2005 polo que se empra a o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente 15R001-84-2004.	10.463
— Anuncio do 19 de maio de 2005 polo que se empra a o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente 15R001-82-2004.	10.463
— Anuncio do 23 de maio de 2005 polo que se empra a o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente 15R001-80-2004.	10.463
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	
— Resolución do 27 de abril de 2005, da División de Recursos Humanos, pola que se empra a as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por José Antonio Gandarela Pais no proceso extraordinario de consolidación de emprego previsto na Lei 16/2001, do 21 de novembro, da categoría de celador.	10.464
— Resolución do 11 de maio de 2005, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra-Vigo, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto, para a contratación do servizo de vixilancia e seguridade (C.P. 11/2005 N).	10.464
— Resolución do 3 de xuño de 2005, da División de Recursos Económicos, pola que se anuncia contratación, polo trámite urxente, sistema de concurso público e procedemento aberto das obras de construción dun centro de saúde en Cervo (Lugo).	10.465

	<u>Páxs.</u>
b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL	
CONCELLO DE NIGRÁN	
— Anuncio da oferta de emprego para o ano 2005.	10.465
CONCELLO DE ORDES	
— Anuncio.	10.466
CONCELLO DE PONTECESO	
— Anuncio.	10.466
CONCELLO DE TEO	
— Edicto.	10.467
CONCELLO DE TOMIÑO	
— Anuncio de expropiación forzosa dos terreos necesarios para o colector xeral de Tomiño (2ª fase), incluído no Plan de saneamiento de Galicia cun orzamento de 1.623.401,63 euros.	10.467
CONCELLO DE VILA DE CRUCES	
— Edicto.	10.467
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	
— Resolución do 7 de xuño de 2005 pola que se convoca concurso, con procedemento aberto, para a contratación da subministración de 100 licenzas de software SGBD Oracle con destino a esta deputación. (Expediente 05/5758 do Servizo de Patrimonio e Contratación).	10.468
MANCOMUNIDADE DAS TERRAS DO NAVEA-BIBEI	
— Anuncio.	10.468



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA****EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN**

Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia,
Relacións Institucionais e Administración Pública
Edificio San Caetano - Santiago de Compostela

Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70

Fax: 981 54 42 72 - 981 54 42 73

<http://www.xunta.es>

e-mail: dog@xunta.es

ISSN 1.130-9229

Depósito legal C. 73-1982

IMPRIME

La Voz de Galicia, S.A.
Avda. da Prensa, 84-85. Pol. Ind. de Sabón.
15142-Arteixo (A Coruña)

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

Orde do 30 de maio de 2005 pola que se declara a alienabilidade dun inmovible na rúa Valle Inclán número 14, de Monforte de Lemos (Lugo).

Polo Decreto 131/2005, do 12 de maio (DOG nº 100, do 26 de maio), desafectouse un inmovible da Comunidade Autónoma de Galicia transferido en virtude do Real decreto 3317/1982, modificado polo Real decreto 2708/1983, sobre transferencias de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estradas.

Unha vez obtida a inscrición no correspondente rexistro da propiedade do ben inmovible a nome da Comunidade Autónoma de Galicia, procede declarar a súa alienabilidade de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e o artigo 60 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o seu regulamento, co obxecto de posibilitar o tráfico deste ben patrimonial.

En virtude do anteriormente exposto, tendo en conta a proposta da Secretaría Xeral e do Patrimonio,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declárase a alienabilidade do ben inmovible que se describe a seguir:

Edificio de planta baixa con dous almacéns anexos, cun total construído de 314 m², asentado sobre un soar de 372 m² de superficie, situado no punto quilométrico 115,75 da estrada C-533, hoxe rúa Valle Inclán, nº 14, da vila e municipio de Monforte de Lemos (Lugo). Estrema: norte, estrada de situación, rúa Valle Inclán; sur, con terreo de Herminio Quiroga Vázquez (r/ Eduardo Pondal, 13) e con terreo da Diocese de Lugo (r/ Eduardo Pondal, 15); leste, con casa de Josefa Gómez Vázquez (r/ Valle Inclán, 16); e oeste, con casa de Alfredo Paradiñeiro Paradiñeiro (r/ Valle Inclán, 12).

Inscrito no Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos no tomo 768, libro 322, folio 29, predio nº 32829, inscrición 1ª.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2005.

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 13 de xuño de 2005 pola que se anuncia o procedemento e os criterios para a concesión de crédito orzamentario destinado á adquisición de material educativo en galego polos centros escolares públicos de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, adscritos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co fin de fomentar o uso do galego nestes centros.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu artigo 14.3º estipula que a Administración educativa de Galicia debe garantir que os alumnos vaian acadando un dominio, oral e escrito, similar dos idiomas galego e castelán, conforme van acabando cada un dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio.

Para conseguir este obxectivo, a mesma lei encoméndalle á Xunta de Galicia a regulamentación do uso desas dúas linguas oficiais en Galicia. No Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15 de setembro), modificado polo Decreto 66/1997, do 21 de marzo (DOG do 3 de abril), regúlase o uso do galego no ensino.

Para tal fin, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria entende que os materiais que se empreguen nas áreas e materias impartidas en lingua galega estarán escritos normalmente en galego e terán a calidade científica e pedagóxica adecuada, e por iso considera oportuno promover a adquisición de material educativo en galego (bibliográfico, videográfico e adaptado ás novas tecnoloxías da linguaxe), co obxectivo de que o profesorado e os alumnos dos nosos centros públicos conten cos suficientes medios cara ao coñecemento e o uso do idioma.

Por todo isto,

DISPÓN:

Primeiro.-Esta orde está destinada ao anuncio público do procedemento e os criterios para a concesión de crédito orzamentario destinado á adquisición de material educativo en galego polos centros escolares públicos de educación infantil, especial, adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional adscritos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co fin de fomentar o uso do galego nestes centros.

Segundo.-A finalidade do crédito orzamentario establecido nesta orde é a de satisfacer os gastos de adquisición e/ou elaboración de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego. Queda excluída a adquisición de equipamentos de calquera tipo: ordenadores, impresoras, gravadoras, videocámaras, cámaras dixitais, etc.

Terceiro.-A adquisición de material educativo en galego financiarase con cargo á partida orzamentaria 07.06.353E.640.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, aprobados pola Lei 13/2004, do 29 de decembro, destinándose unha contía de 1.200.000 €.

Cuarto.

1. O prazo de presentación da comunicación por parte dos centros educativos será o dos 40 días naturais seguintes ao da publicación desta orde no DOG.

2. A comunicación para participar realizarase utilizando o formulario que figura como anexo a esta orde. Irá asinada polo director do centro e mandarase á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente.

3. Canda a comunicación presentárase, como anexo, unha memoria, asinada polo director do centro, na que se especifiquen os materiais que se pretenden adquirir, o importe estimativo destas adquisicións e a finalidade para que están destinadas.

4. De observarse algunha falta ou deficiencia na documentación, requiriranse os comunicantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden os posibles erros ou ausencias de documentación. Se, transcorrido este prazo, non se eliminan as deficiencias observadas, as comunicacións arquivaranse sen máis trámite.

Quinto.-Para o exame e a avaliación das comunicacións constituirase en cada Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha comisión integrada por:

-O delegado provincial, que a presidirá.

-Un representante do Servizo de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega, da Dirección Xeral de Política Lingüística.

-Un/unha representante da Inspección Educativa.

-O/a xefe/a do Gabinete de Normalización Lingüística.

-Un funcionario ou funcionaria da delegación provincial, que actuará de secretario/a.

Sexto.-Unha vez examinadas e avaliadas as comunicacións, as comisións provinciais presentaranlle as propostas de asignación de contías ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de reposición diante do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

As comunicacións entenderanse desestimadas de non recaer resolución expresa no prazo de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no DOG.

Sétimo.

1. Para a concesión de crédito orzamentario destinado á adquisición de materiais en galego, terase en conta o número de alumnos, que se valorará en cinco tramos, de maior a menor: A: máis de 600 alumnos; B: de 300 a 600 alumnos; C: de 100 a 299 alumnos; D: de 20 a 99 alumnos; E: menos de 20 alumnos.

2. As contías máximas que se lle poderán conceder a cada centro serán: para os centros do tramo A, 2.000 €; para os centros do tramo B, 1.500 €; para os centros do tramo C, 1.000 €; para os centros do tramo D, 600 € e para os centros do tramo E, 300 €.

3. Excluíranse aquelas comunicacións que non se recibiron dentro de prazo.

Oitavo.-Antes do 31 de outubro de 2005, cada centro terá que lles remitir aos gabinetes de Normalización Lingüística das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte documentación:

1. Unha relación do material efectivamente adquirido.

2. Facturas orixinais, expedidas a nome do propio centro educativo, correspondentes aos gastos totais deste material.

3. Certificación do director do centro onde conste o compromiso explícito de que todo o material adquirido irá destinado aos fins para os que se solicitou.

4. Certificación orixinal na que consten os datos bancarios do centro, selada e asinada pola entidade financeira correspondente.

En todo caso, na adquisición do material respectarase a normativa de contratos das administracións públicas.

Noveno.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fará o pagamento a través das súas delegacións provinciais, logo da xustificación dos interesados, tal e como se indica na epígrafe 8ª.

2. O importe do crédito adxudicado non será superior ao 100% dos gastos orixinados pola adquisición dos materiais obxecto desta convocatoria.

3. Se o importe xustificado fose inferior ao do crédito asignado, este minorarase porcentualmente.

Décimo.-A comprobación efectiva da adquisición do material levarao a cabo a Inspección Educativa, consonte o disposto no artigo 11 do Decreto 247/1995, do 14 de setembro (DOG do 15 de setembro).

Décimo primeiro.

1. A non entrega das certificacións e dos xustificantes de gasto, aos que fai referencia o artigo 8º, no prazo sinalado, será causa de revogación do crédito asignado e producirá como efecto a denegación deste para o ano seguinte.

2. A contía fixada na resolución poderá ser revisada se houberse alteración das condicións que se tiveran en conta para a súa concesión de acordo cos trámites regulamentarios.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Política Lingüística para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROXEDIMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CONCESIÓN DE CRÉDITO ORZAMENTARIO DESTINADO Á ADQUISICIÓN DE MATERIAL EDUCATIVO EN GALEGO POLOS CENTROS ESCOLARES PÚBLICOS	ED102A	COMUNICACIÓN

NOME DO CENTRO EDUCATIVO		NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	TELÉFONO	Nº DE UNIDADES	Nº DE ALUMNOS

Don/Dona _____ director do centro antes mencionado,

COMUNICA:

A adquisición de material educativo en galego destinado ás bibliotecas dos centros públicos que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.

ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA CRÉDITO

CANTIDADE SOLICITADA

Adquisición de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego

<p>LEXISLACION APLICABLE</p> <p><i>Orde do 13 de xuño de 2005 pola que se anuncia o procedemento e os criterios para a concesión de crédito orzamentario destinado á adquisición de material educativo en galego polos centros escolares públicos de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, adscritos á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co fin de fomentar o uso do galego nestes centros.</i></p>
<p>SINATURA DO DIRECTOR DO CENTRO</p> <p>_____, de _____ de 200</p>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Gabinete de Normalización Lingüística)

Resolución do 18 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición do tribunal que deberá xulgar as probas para a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2004-2005, e se ditan instrucións acerca da realización das probas correspondentes.

En virtude da autorización conferida pola disposición derradeira primeira da Orde do 13 de abril de 2005, pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2004-2005 (*Diario Oficial de Galicia* do 21 de abril), e de conformidade co establecido no artigo sexto desa orde, esta dirección xeral

RESOLVE:

I. Designar os membros do tribunal que deberá xulgar as probas para a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo a esta resolución.

II. Fixar a data, horario, lugares de realización das probas e condicións de presentación dos candidatos.

1. As probas celebraranse o día 21 de xuño de 2005 de acordo co seguinte horario:

9.30 horas, presentación dos candidatos.

10.00 a 12.00 horas, primeira parte da proba.

12.30 a 14.30 horas, segunda parte da proba.

2. Centros en que se realizarán as probas.

Provincia da Coruña:

-IES Elviña. Polígono de Elviña, 2ª fase s/n, A Coruña.

Provincia de Lugo:

-IES Sanxillao. Avda. Fontiñas, nº 171, Lugo.

Provincia de Ourense:

-IES As Lagoas. Rúa Eduardo Blanco Amor, nº 2, Ourense.

Provincia de Pontevedra:

-IES Sánchez Cantón. Avda. Raíña Victoria, Pontevedra.

3. Presentación dos candidatos.

1. Os candidatos deberán realizar as probas na provincia a que pertenza o IES en que se encontre o seu expediente académico.

2. Para a realización das probas os candidatos acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2005.

Alberto González Armesto

Director xeral de Centros e Ordenación Educativa

ANEXO

Tribunal:

Presidente:

Alberto González Armesto, director xeral de Centros e Ordenación Educativa, ou persoa en quen delegue.

Secretario:

Gonzalo Sanmartín Brey, xefe do Servizo de Planificación Educativa.

Vogais:

María Luisa Calderón Fernández, profesora de ensino secundario.

José Manuel Facal Díaz, profesor de ensino secundario.

Lila Beatriz Mosquera Pérez, profesora de ensino secundario.

Emilio Pérez Sánchez, inspector de educación.

María Estrella Piñeiro Lorenzo, profesora de ensino secundario.

Belén Santos Lago, profesora de ensino secundario.

José Francisco Serrallé Marzoa, profesor de ensino secundario.

Xesús Valcárcel López, profesor de ensino secundario.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 9 de xuño de 2005 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes das prórrogas de bolsas para realizar estudos de doutoramento convocadas no anexo I da Orde do 29 de abril de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 10 de maio).

Por orde da Consellería de Innovación, Industria e Comercio do 29 de abril de 2005, convocáronse as bolsas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores, do Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica para o ano 2005.

No artigo oitavo da devandita orde fíxase o prazo de presentación de solicitudes en 40 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

No anexo I da dita orde convócanse as prórrogas de bolsas para realizar estudos de doutoramento, requiríndose entre os documentos para achegar polos solicitantes a certificación académica de ter superados os créditos do primeiro ano de estudos de terceiro ciclo. Tendo en conta que na data de peche da convocatoria as universidades aínda non disporán das correspondentes actas, faise preciso ampliar o prazo de presentación destas solicitudes. En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

DISPOÑO:

Artigo único.-Ampliar en 20 días naturais o prazo de presentación das solicitudes correspondentes ás prórrogas de bolsas para realizar estudos de doutoramento convocadas no anexo I da Orde do 29 de abril de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* do 10 de maio).

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2005.

Juan Rodríguez Yuste

Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 30 de maio de 2005 de actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime do pagamento único.

O réxime de pagamento único recollido no título III do Regulamento (CE) nº 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, preveu unha axuda única por explotación, en función dos importes recibidos polo agricultor nun período de referencia. Ademais, o Regulamento (CE) nº 795/2004, da Comisión, estableceu as disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento anterior, permitíndolles aos Estados membros, no ano anterior ao primeiro ano de aplicación do réxime (que para España será o un de xaneiro de 2006) proceder á identificación dos agricultores beneficiarios potenciais con dereito á axuda, así como o establecemento provisional dos importes e do número de hectáreas no período de referencia conforme o cálculo establecido nos capítulos 2 e 3 do título III do Regulamento 1782/2003.

A orde APA/1171/2005, do 15 de abril, publicada no BOE nº 104, do 2 de maio, dítase con carácter de normativa básica, co fin de facilitar, antes do un de xaneiro de 2006, un coñecemento actualizado da situación.

Con base na dita normativa comunitaria e seguindo a básica estatal que ten por obxecto actualizar os datos existentes sobre os beneficiarios potenciais do réxime de pagamento único, con anterioridade ao establecemento da normativa para o seu recoñecemento provisional, esta orde desenvolve o procedemento para que os interesados dispoñan dun período no que teñan coñecemento dos datos existentes e acheguen ao Fondo Galego de Garantía Agraria, de ser o caso, as modificacións producidas con respecto a eses datos.

O dito organismo autónomo, adscrito a esta consellería, creado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, coa denominación actual establecida pola disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, ten atribuídas, entre outras, competencias para a xestión das accións derivadas da política agrícola común (PAC), o que se desprende tamén do disposto no Decreto 128/1996, do 14 de febreiro, que desenvolve a Lei 7/1994, así como no Decreto 50/2002, do 14 de febreiro, de estrutura orgánica da consellería e do organismo.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e no Decreto 50/2002, do 14 de febreiro,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta orde regula o procedemento para a actualización dos datos e a identificación dos agricultores que poderán acollerse ao réxime de pagamento único (RPU), segundo o artigo 33 do Regulamento (CE) nº 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, coa finalidade de coñecer

os elementos necesarios para o establecemento provisional dos dereitos de axuda segundo o previsto no artigo 12.2º do Regulamento (CE) 795/2004, da Comisión, do 21 de abril.

2. Esta orde será aplicable aos agricultores con explotacións agrarias situadas en Galicia que se atopen nas situacións previstas nos artigos 3º e 7º desta orde.

Artigo 2º.-Definicións.

Para os efectos do previsto nesta orde serán aplicables as definicións establecidas nos artigos 2 dos Regulamentos (CE) 1782/2003 e 795/2004.

Artigo 3º.-Agricultores que se van incluír no RPU para a atribución de dereitos de axudas non procedentes da Reserva Nacional.

De acordo co establecido no artigo 33 do Regulamento (CE) 1782/2003, poderán acollerse ao RPU:

1. Os agricultores que, no período de referencia, recibirán pagamentos directos por algún dos réximes de axuda previstos no anexo VI do dito regulamento.

2. Aqueles agricultores que cumprindo os demais requisitos e condicións previstos no RPU, recibisen a explotación ou parte dela dun agricultor dos previstos no punto 1º anterior, nalguna das seguintes circunstancias:

a) Por herdanza ou herdanza anticipada, nos termos establecidos no artigo 33.1º b) do Regulamento (CE) 1782/2003, e no artigo 13 do Regulamento (CE) 795/2004, podéndose incluír, para os ditos efectos, os pactos sucesorios previstos no capítulo II do título VII da Lei 4/1995, do 24 de maio, do Dereito civil de Galicia, sempre que o titular da explotación a cedese a título gratuito e por actos inter vivos a persoas que o sucedesen como herdeiros no exercicio da actividade agraria e nos seus dereitos, considerándose incluídos os usufrutuarios.

b) Por producirse un cambio na súa personalidade xurídica ou na súa denominación, nos termos establecidos no artigo 33.2º do Regulamento (CE) 1782/2003 e artigo 14 do Regulamento (CE) 795/2004.

c) Por producirse fusións ou escisións nos termos previstos no artigo 33.3º do Regulamento (CE) 1782/2003, e artigo 15 do Regulamento (CE) 795/2004.

d) Por obter unha explotación ou parte dela por compra-venda con cesión dos dereitos de axuda, nos termos previstos no artigo 17 do Regulamento (CE) 795/2004.

3. Aqueles agricultores nos que a súa produción, durante todo o período de referencia, se vise afectada por dificultades excepcionais, nos termos previstos no artigo 40 do Regulamento (CE) 1782/2003.

Artigo 4º.-Agricultores que se van incluír no RPU para os efectos de atribución de dereitos de axuda da reserva nacional.

De conformidade co previsto no artigo 42, parágrafos 3 a 5, do Regulamento (CE) 1782/2003, para os efectos da atribución de dereitos de axuda procedentes da reserva nacional, teranse en conta os seguintes supostos:

1. Os agricultores que se atopen nunha situación especial das previstas no artigo 42.4º do Regulamento (CE) 1782/2003, en relación cos artigos 18 a 23 bis do Regulamento (CE) 795/2004, que se indican:

a) Os produtores lácteos, na situación prevista no artigo 19 do Regulamento (CE) 795/2004.

b) Os agricultores que reciban terras dun agricultor falecido ou xubilado da actividade agrícola e que as tiña arrendadas a unha terceira persoa no período de referencia, na situación prevista no artigo 20 do Regulamento (CE) 795/2004.

c) Os agricultores que fixesen investimentos ou adquirisen terras, na situación prevista no artigo 21 do Regulamento (CE) 795/2004.

d) Os agricultores que arrendasen ou adquirisen terras arrendadas, na situación prevista no artigo 22 do Regulamento (CE) 795/2004.

e) Os agricultores que participasen en programas nacionais de reorientación da produción, na situación prevista no artigo 23 do Regulamento (CE) 795/2004.

f) Os agricultores lexitimados para recibir dereitos de axudas ou para aumentar o valor dos dereitos existentes en virtude de sentenza firme ou acto administrativo firme, na situación prevista no artigo 23 bis do Regulamento (CE) 795/2004, redactado conforme o artigo 1º, punto 12, do Regulamento (CE) 1974/2004, de modificación do anterior.

2. Os agricultores que iniciaron a súa actividade agraria despois do 31 de decembro de 2002, ou durante o 2002, sempre que non recibisen axudas directas nese ano e continúen, agás casos xustificados de forza maior, exercendo a actividade agraria, conforme o disposto no artigo 42.3º do Regulamento (CE) 1782/2003.

3. Os agricultores en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública co obxecto de evitar o abandono de terras ou compensar desvantaxes específicas para os agricultores das ditas zonas, conforme o disposto no artigo 42.5º do Regulamento (CE) 1782/2003.

Artigo 5º.-Situación dos agricultores que iniciaron a súa actividade durante o período de referencia.

1. Se un agricultor comezou a súa actividade no período de referencia sinalado no artigo 8 desta orde, deberá comunicarlle ao Fondo Galego de Garantía Agraria, polo menos, os datos que constan no anexo I desta orde, na data establecida no artigo 10, co fin de poder determinar o importe de referencia e número de hectáreas, de ser o caso, en función do ano ou anos naturais en que exerceu a actividade no período de referencia. Ademais, a dita comunicación acreditará que exerceu a actividade agraria desde aquela data ata a data da comunicación, agás os casos de forza maior a que se refire o artigo 6.3º desta orde.

2. No caso de que o dito agricultor se atopase, ademais, na circunstancia prevista no artigo 3º.2 a) nalgunha das situacións do artigo 4º, ou en dificultades excepcionais das previstas no artigo 6º desta orde, asignaráselle as hectáreas e importes de referencia conforme o disposto nos artigos 13.4º e 18.2º do Regulamento (CE) 795/2004.

Artigo 6º.-Situación dos agricultores en dificultades excepcionais.

1. No suposto de agricultores cuxa produción, no período de referencia, se vise afectada por casos de forza maior ou circunstancias excepcionais ocorridos con anterioridade ou durante o dito período,

deberán comunicarlle ao Fondo Galego de Garantía Agraria, na data prevista no artigo 10 desta orde, polo menos, os datos que constan no anexo II, co fin de calcular o importe de referencia e o número de hectáreas que lle corresponden en función dos anos daquel período non afectados por aqueles casos ou circunstancias.

Non obstante o anterior, non se terán en conta os casos a) e b) do punto 3 deste artigo, cando se solicitasen e obtivesen axudas da PAC por outro titular, para a mesma explotación e período.

2. O punto 1 anterior aplicaráselles aos agricultores que deixaron de percibir pagamentos directos durante o período de referencia debido a estar suxeitos a compromisos ambientais.

3. Terán a consideración de casos de forza maior ou circunstancias excepcionais, as seguintes:

a) O falecemento do agricultor ou a súa desaparición.

b) Unha incapacidade laboral do agricultor de longa duración.

c) Unha catástrofe natural grave que afectase seriamente as terras agrarias da explotación.

d) A destrución accidental dos locais gandeiros da explotación ou perda accidental dos animais.

e) Unha epizootía que afectase a totalidade ou parte do gando do agricultor.

f) O sacrificio obrigatorio no marco dun programa de erradicación de enfermidades dos animais.

Artigo 7º.-Contratos de compra-venda.

1. Cando nas condicións previstas no artigo 17.1º do Regulamento (CE) 795/2004, exista un contrato de compra-venda con posterioridade ao inicio do período de referencia, o vendedor solicitará o establecemento dos dereitos de axuda conforme o disposto no artigo 17.3º, en relación co artigo 12, do citado regulamento.

Non obstante o anterior o comprador poderá solicitar, a nome do vendedor e coa súa expresa autorización a asignación das hectáreas e importes de referencia correspondentes ao contrato, para o que achegará a solicitude cos documentos que se sinalan no anexo XI desta orde.

Do mesmo xeito anterior actuarase nos casos de compra-venda de unidades de produción por parte de produtores de ovino e cabrún ou de vacas nutrices, para o que se achegará unha solicitude que conteña, polo menos, os datos e documentos que se sinalan no anexo XII desta orde.

2. Sen prexuízo do previsto nos artigos 46.3º e 42.9º do Regulamento (CE) 1782/2003, o establecemento das hectáreas, unidades de produción e importes correspondentes ao período de referencia, respecto dos contratos de compra-venda citados no punto 1 anterior, quedarán condicionados ao establecemento provisional e definitivo dos dereitos de axuda.

Artigo 8º.-Período de referencia.

1. O período de referencia comprenderá os anos naturais 2000 a 2002, coas particularidades que se prevén no anexo VII do Regulamento (CE) 1782/2003.

Non obstante o anterior, con respecto á prima láctea e pagamentos adicionais, utilizarase a cantidade

individual de referencia dispoñible na explotación a 31 de marzo de 2006.

2. No caso dos agricultores en dificultades excepcionais a que se refire o artigo 6º, puntos 1 e 2 desta orde, se a totalidade do período de referencia se vise afectado por casos de forza maior, aplicarase como período de referencia os anos 1997 a 1999.

Artigo 9º.-Comunicación de datos.

1. O Fondo Galego de Garantía Agraria enviaralles unha comunicación informativa aos agricultores sinalados no artigo 3.1º desta orde, cos datos do pagamento único.

2. No suposto de que un agricultor recibise tamén pagamentos polas axudas de anexo VI do Regulamento (CE) 1782/2003, noutra comunidade autónoma, a comunicación dos datos corresponderalle ao Fogga se a suma dos importes de referencia é maior ca correspondente á outra comunidade autónoma.

Artigo 10º.-Comunicacións para a actualización de datos.

1. Para os efectos de que, no seu momento, poidan acollerse ao RPU os agricultores sinalados no artigo 3 desta orde, agás os do punto 1 que non modifiquen as súas circunstancias, aqueles deberán comunicarlle ao Fondo Galego de Garantía Agraria nos modelos segundo os casos, dos anexos III a X desta orde, os datos cos xustificantes e documentación que se indican neles, con anterioridade ao 15 de xullo de 2005, sen prexuízo do disposto para os cambios de estatuto xurídico e denominación e para as fusións e escisións, no artigo 33, puntos 2º e 3º, do Regulamento (CE) 1782/2003, e artigo 15.3º do Regulamento (CE) 795/2004, así como para as compra-vendas con dereitos de axuda, no artigo 17.1º deste último regulamento.

Así mesmo, os agricultores sinalados no artigo 3.1º desta orde que apreciasen erros ou inexactitudes nas comunicacións a que se refire o artigo anterior, solicitaranlle ao Fogga a rectificación dos datos erróneos ou inexactos, no mesmo prazo anterior, e no modelo do anexo XIII coa documentación que nel se indica.

2. Para os efectos de calcular os dereitos provisionais dos agricultores a que se refiren os artigos 5 e 6 desta orde, deberánlle comunicar ao Fondo Galego de Garantía Agraria, nos modelos dos anexos I e II, os datos e xustificantes que se indican, con anterioridade ao 15 de xullo de 2005.

3. Os agricultores que consideren estar nalgún dos supostos a que se refire o artigo 4 desta orde, comunicaranlle ao Fondo Galego de Garantía Agraria, no modelo do anexo XIV, os seus datos e circunstancias, co fin da súa identificación e sen prexuízo de solicitar, no seu día, antes da data que se sinale, a asignación dos importes de referencia e dereitos de axuda procedentes da reserva nacional, logo que se adopten as decisións que procedan no RPU.

Artigo 11º.-Verificación dos datos e actualización provisional.

1. O Fondo Galego de Garantía Agraria verificará todas as comunicacións de modificación propostas

 - ☐ Agricultores que reciban terras dun agricultor falecido ou xubilado e que as tiveran arrendadas a unha terceira persoa durante o período de referencia.
 - ☐ Agricultores que efectuaron investimentos na capacidade de produción ou adquiriron terras antes do 15/05/2004.
 - ☐ Agricultores que arrendaron ou adquiriron terras arrendadas antes do 15/05/2004.
- ☐ b) Agricultores incorporados a actividade agraria antes do 15/05/04 (sen recibir pagamentos directos) ou incorporados con posterioridade ao 15/05/2004.
- ☐ c) Agricultores que se encontran nas zonas destinadas a programas de reestruturación e desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública.

SOLICITA:

1.- Que con independencia de solicitar no seu momento e antes da data que se estableza a asignación dos importes de referencia e dereitos procedentes da reserva nacional, sexa incluído na relación identificativa dos potenciais beneficiarios da dita reserva nacional.

_____ de _____ de 200__

Asdo.: _____

Director do Fondo Galego de Garantía Agraria

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

Orde do 8 de xuño de 2005 pola que se dispón a publicación, no Diario Oficial de Galicia, dos estatutos do Consorcio Turismo Ribeira Sacra.

As entidades locais poden constituír consorcios locais, entre si, con outras administracións públicas ou con entidades privadas sen ánimo de lucro, dotados de personalidade xurídica propia e de capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos, que veñen determinados nos seus estatutos.

Os consorcios aparecen regulados nos artigos 57 e 87 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 149 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Este consorcio local nace co obxecto de articular a cooperación das administracións integrantes para o desenvolvemento do Plan de Dinamización Turística da Ribeira Sacra.

Examinado o texto dos estatutos que rexerán o Consorcio Turismo Ribeira Sacra, constátase que a súa aprobación se realizou conforme o disposto nos artigos 150 e seguintes, así como o 137 e seguintes, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, seguíndose os trámites que a continuación se indican:

Primeiro.-Por acordos plenarios dos concellos de Portomarín, Taboada, Chantada, Carballedo, O Saviñao, Pantón, Sober, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Ribas de Sil, Quiroga, Paradela, todos eles da provincia de Lugo, e os concellos da Peroxa, Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, A Teixeira, Castro Caldelas, Montederramo, Xunqueira de Espadanedo e Esgos, todos eles da provincia de Ourense, iniciáronse as xestións para a creación do Consorcio e designáronse os respectivos representantes para formar parte da Comisión Xestora.

Segundo.-Con data 10 de xaneiro de 2005, a Comisión Xestora aprobou inicialmente o proxecto de estatutos do consorcio.

Terceiro.-Con data do 3 de febreiro, a Asemblea, formada polos concelleiros dos vinte concellos, aprobou provisionalmente o antedito proxecto.

Cuarto.-Os estatutos foron expostos a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios publicados nos boletíns oficiais das provincias de Lugo (nº 38, do 17 de febreiro de 2005) e Ourense (nº 41, do 21 de febreiro de 2005), e non se formularon alegacións ao respecto.

Quinto.-Con data 5 de abril, a Dirección Xeral de Administración Local emitiu informe sobre o contido dos estatutos, de conformidade co previsto no artigo 140.2º da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Sexto.-Deuse cumprimento ao trámite previsto no artigo 140.1º da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no que se refire ás deputacións provinciais de Ourense e de Lugo.

Sétimo.-Por acordos plenarios dos vinte concellos interesados, aprobáronse definitivamente os estatutos.

Oitavo.-O presidente da Comisión Xestora do Consorcio, con data de entrada no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local do 31 de maio de 2005, remite unha copia do texto dos estatutos para a súa íntegra publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Por todo isto, a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local

DISPÓN:

A publicación dos estatutos do Consorcio Turismo Ribeira Sacra no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 141.2º da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, que se recollen como anexo desta orde.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2005.

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior
e Administración Local

Estatutos do Consorcio Turismo Ribeira Sacra

TÍTULO PRELIMINAR
Disposicións xerais

Artigo 1º.-Composición e denominación do consorcio.

1. Os concellos de Portomarín, Taboada, Chantada, Carballedo, O Saviñao, Pantón, Sober, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Ribas de Sil, Quiroga, Paradela, todos eles da provincia de Lugo, e os concellos da Peroxa, Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, A Teixeira, Castro Caldelas, Montederramo, Xunqueira de Espadanedo e Esgos, todos eles da provincia de Ourense, constitúen un consorcio local, sen prexuízo de que no futuro se poidan incorporar outras administracións públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro conforme as previsións estatutarias, de conformidade co establecido nos artigos 37 a 40 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto do 17-6-1955; artigos 3, 26, 47.3º b), 57, 85 e 87 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; artigos 35, 36 e 110 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; artigo 7 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; artigos 2 ao 6, 8, 137 e seguintes, 149 ao 152 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

2. Recibe a denominación de Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

3. Os estatutos determinan as particularidades do seu réxime orgánico, funcional e financeiro.

Artigo 2º.-Natureza e principios de actuación.

1. Servirá con obxectividade os intereses públicos, actuando conforme os principios de eficacia e servizo aos cidadáns, descentralización, desconcentración e coordinación, con autonomía propia e sometemento pleno á lei e ao dereito.

2. Conforme os criterios de reciprocidade nas súas relacións con outras administracións públicas, rexeráse polos principios de colaboración, cooperación, auxilio e respecto aos respectivos ámbitos de competencias.

3. Na súa calidade de ente público local de base asociativa, goza da condición de entidade local non territorial, con personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar para crear, instalar ou xestionar servizos e actividades de interese local e común, para realizar e conseguir as finalidades públicas que constitúen o seu obxecto, entendendo como servizos públicos locais cantos tendan á consecución dos fins sinalados como da competencia das entidades consorciadas.

4. En consecuencia, para o cumprimento do seu obxecto e fins e o ámbito das súas competencias, de acordo coa Constitución e as leis, terá plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens, formalizar contratos, establecer e explotar obras, servizos ou actividades públicas, obrigarse, interpoñer os recursos establecidos e exercer as accións previstas nas leis.

5. Poderá utilizar calquera das formas de xestión de servizos, directa ou indirecta, previstas na lexislación de réxime local, substituíndo as entidades consorciadas.

6. No ámbito das súas competencias correspóndelle a potestade regulamentaria e de autoorganización, programación e planificación. A potestade tributaria refírese só ao establecemento de taxas, contribucións especiais e prezos públicos; a expropiatoria, só a poderán exercer outras entidades territoriais en beneficio e por instancia do consorcio.

Artigo 3º.-Domicilio.

1. Inicialmente, mentres non dispoña de locais propios, o domicilio do consorcio e os seus servizos xerais estarán no municipio do alcalde que exerza a presidencia, ou en calquera outro que acorde o pleno.

2. Non obstante, o pleno, ou calquera outro órgano complementario, poderá realizar as súas sesións en calquera das sedes das entidades consorciadas ou das instalacións afectas aos servizos que preste.

3. O pleno poderá modificar o domicilio, o cal se lles notificará a todos os entes consorciados, facéndose público no BOP, no *Diario Oficial de Galicia*, e nun xornal de gran difusión, e comunicaráselle á Administración estatal e autonómica.

4. Os servizos especializados do consorcio poderán instalarse en calquera dos concellos consorciados, segundo acordo do pleno.

Artigo 4º.-Duración.

Establécese con carácter voluntario, e constitúese por un período de tempo indefinido, e mentres subsistan as competencias das entidades consorciadas e o obxecto e fins de interese común e público encomendados.

Artigo 5º.-Obxecto e fins.

1. Constitúeno:

a) Planificar, xestionar, e promocionar o desenvolvemento turístico da zona, desenvolvendo o Plan de Dinamización Turística da Ribeira Sacra coma elemento vertebrador do espazo turístico que constitúe o ámbito do consorcio.

b) Fomentar e desenvolver actuacións e actividades en materia turística coordinado todos os esforzos e iniciativas que se realicen cunha visión de conxunto no ámbito do consorcio.

c) Potenciar a reorganización e modernización das empresas turísticas da zona, así como impulsar a instalación de novas empresas, baixo os estándares de calidade turística.

d) Promover o desenvolvemento, a modernización e a adaptación ao mercado e as innovacións tecnolóxicas das empresas turísticas da zona.

e) Fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico da zona.

f) Formar e capacitar os recursos humanos dispoñibles e interesados no sector turístico da zona.

g) Mellorar, complementar e aumentar a oferta turística existente na zona, sempre baixo un criterio de calidade e sustentabilidade.

h) Realizar os estudos necesarios para o correcto desenvolvemento dun turismo respectuoso co contorno económico, cultural e natural da Ribeira Sacra, propoñendo cantas normativas de uso e xestión do patrimonio natural e cultural sexan convenientes e que apoién as dinámicas de desenvolvemento baseadas na sustentabilidade do territorio.

i) Obras, xestión e execución de plans, programas ou proxectos de interese público e común para as entidades consorciadas, así como a obtención, xestión e investimento dos correspondentes fondos, en materia de políticas de desenvolvemento rexional, social, agrícola, ambiental, no marco de iniciativas europeas, nacionais, autonómicas ou locais, e doutros entes, institucións ou entidades, públicas ou privadas.

j) Asumir a execución de obras, plans, programas ou proxectos, que as entidades consorciadas ou outras administracións públicas acorden encomendarlle, para a xestión de servizos e actividades de interese público e común, así como a súa instalación e prestación, ben sexa de xeito parcial ou integral.

k) A competencia consorcial poderá estenderse a outras obras, plans, programas ou proxectos para a consecución e prestación de servizos e actividades con finalidades de interese público, que interesen en común á pluralidade dos membros asociados.

l) A competencia consorcial pode abranguer todas as competencias que determinan os artigos 25/28 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; e máis concretamente as seguintes:

I) Conservación do patrimonio histórico-artístico da Ribeira Sacra.

II) Protección do medio ambiente da Ribeira Sacra.

III) Actividades ou instalacións culturais e deportivas e ocupación do tempo libre.

Artigo 6º.-Réxime xurídico.

1. O consorcio réxese polo dereito administrativo.

2. En materia de procedemento administrativo será aplicable a todas as actuacións do consorcio a lexislación vixente do réxime local e do réxime xurídico das administracións públicas, que se desenvolverá conforme os principios de racionalidade, economía e eficiencia da xestión.

3. Os acordos e resolucións do consorcio serán impugnables en vía administrativa e xurisdiccional, de conformidade co establecido na lexislación de réxime local e xeral.

4. A publicación dos acordos e resolucións do consorcio farase nos boletíns e diarios oficiais en que legalmente proceda.

Artigo 7º.-Quórum especial.

Cando, en virtude de disposicións legais ou destes estatutos, se exixa quórum especial de maioría absoluta do número legal de votos asignados aos membros do pleno e do número de representantes das entidades consorciadas, na adopción de acordos polo dito órgano, entenderase que existe aquela cando os votos favorables sumen máis da metade do total de votos asignados ao pleno, así como o voto favorable da metade máis un do número de representantes das entidades consorciadas.

TÍTULO I

Réxime orgánico

Capítulo I

Da organización

Artigo 8º.-Órganos de xestión e goberno.

Rexen o consorcio os seguintes órganos de xestión e goberno:

- a) O Consello Reitor.
- b) O presidente.
- c) O vicepresidente/s.

Artigo 9º.-O Consello Reitor. Composición.

1. O Consello Reitor, supremo órgano de goberno do consorcio, ao que personifica e representa con

carácter de corporación de dereito público, está integrado polos alcaldes ou membros da corporación nos cales deleguen, das entidades locais consorciadas.

2. Asistirán ás xuntanzas do pleno, con voz pero sen voto, o secretario e o interventor do consorcio, así como, cando sexa requirido para iso, o xerente, ou calquera outro persoal especializado na materia que se vaia tratar.

3. A cada entidade consorciada corresponderalle o mesmo número de votos que o número legal de membros da súa corporación.

Na súa aplicación, cada un dos membros consorciados disporá do seguinte número de votos no pleno ou consello de dirección:

Municipio	Habitantes	Nº concelleiros	Porcentaxe
A Pobra do Brollón	2.609	11	5.1886
Portomarín	2.063	11	5.1886
Taboada	4.180	11	5.1886
Chantada	9.765	13	6.1320
Carballedo	3.173	11	5.1886
O Saviñao	4.826	11	5.1886
Pantón	3.469	11	5.1886
Sober	3.077	11	5.1886
Monforte de Lemos	19.870	17	8.0188
Ribas de Sil	1.441	9	4.2452
Quiroga	4.255	11	5.1886
Paradela	2.603	11	5.1886
TOTAL LUGO	61.561	138	65.0934
A Peroxa	2.571	11	5.1886
Nogueira de Ramuín	2.621	11	5.1886
Parada do Sil	896	7	3.3018
A Teixeira	576	7	3.3018
Castro Caldelas	1.909	9	4.2452
Xunqueira de Espadanedo	1.099	9	4.2452
Esgos	1.317	9	4.2452
Montederramo	1.266	9	4.2452
TOTAL OURENSE	12.255	72	33.9616
TOTAL	73.586	210	99.055

4. Os votos correspondentes ás entidades consorciadas serán actualizados cada vez que varíe o número de membros das corporacións locais.

5. As actualizacións previstas no número anterior non terán a consideración de modificacións estatutarias, e, polo tanto, non se requirirá seguir o procedemento previsto nestes estatutos para a súa modificación.

Artigo 10º.-Duración do mandato.

O mandato de cada representante municipal no consorcio rematará cando deixe de ser membro da corporación que representa, ou ben, cando o Pleno do ente local que lle outorgou a representación proceda a retirarlle ao representante en cuestión, e sexa así notificado ao consorcio, por parte dese ente local. Non obstante, ao finalizar o mandato de catro anos ao que se refire a Lei de réxime local, o representante cesante

continuará nas súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión do seu sucesor. No caso de extinguirse o consorcio, extinguirase tamén o mandato.

Artigo 11º.-Elección e cesamento do presidente.

1. O presidente e o vicepresidente serán designados polo Pleno do Consello Reitor, conforme o quórum especial de maioría absoluta establecido polo artigo 7º, polo tempo que queda deste mandato electoral. Logo, no seguinte mandato electoral procederase a elixir novamente este cargo. Cesarán nos seus cargos se se producise algunha das seguintes circunstancias:

a) Cesamento das súas funcións polo pleno, co quórum especial de maioría absoluta do artigo 7º.

b) Renovación da corporación que representan.

c) Perda da condición de membro da corporación que representan.

2. Unha vez que o presidente e o vicepresidente finalicen o seu mandato, continuarán exercendo as súas funcións para a administración ordinaria ata que o pleno designe os que os substitúan.

Artigo 12º.-Competencias do presidente e do vicepresidente.

1. O presidente do Consello Reitor, que será tamén o do consorcio posúe, en todo caso, as seguintes atribucións:

a) Dirixir o goberno e a administración, velando polo cumprimento dos estatutos.

b) A representación legal e a sinatura de cantos documentos públicos ou privados sexan necesarios ou útiles para o cumprimento dos seus fins.

c) Convocar e presidir as sesións do pleno, agás os supostos previstos na lexislación do réxime local, e de calquera outro órgano do consorcio, e decidir os empates con voto de calidade.

d) Dirixir, inspeccionar e impulsar as obras, servizos e actividades, xestionando con entidades públicas e privadas a resolución dos problemas que o afecten, ordenando os informes, estudos e consultas pertinentes.

e) Ditar bandos.

f) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das recollidas no artigo 177 do texto refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais; ordenar pagamentos e render contas; todo isto de conformidade co disposto no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

g) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

h) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal e acordar o seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo do persoal do consorcio e o despedimento do persoal laboral, dando conta ao pleno, nestes dous últimos casos, na primeira sesión que realice. Esta atribución entenderase sen prexuízo do

disposto nos artigos 99.1º e 3º da Lei reguladora das bases de réxime local.

i) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do consorcio nas materias da súa competencia, incluso cando as tivese delegado noutro órgano, e, en caso de urxencia, en materias da competencia do pleno, neste suposto dándolle conta a este na primeira sesión que realice para a súa ratificación.

j) A iniciativa de lle propoñer ao pleno a declaración de lesividade en materias da súa competencia.

k) Adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos e grave risco destes, as medidas necesarias e axeitadas, dándolle conta inmediata ao pleno.

l) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os 60.000 euros; incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

m) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

n) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin os 3.000.000 de euros, así como alleamento do patrimonio, para bens inmoables e mobles, sempre que estea previsto no orzamento.

ñ) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do consorcio.

o) As demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas lles asignen aos consorcios, e non lles atribúan a outros órganos deste.

p) A organización e o control dos servizos administrativos e técnicos do consorcio, así como dirixir, impulsar e inspeccionar todas as obras, servizos e actividades deste.

q) Presentarlle ao pleno os estudos, proxectos e iniciativas de interese para o consorcio, o plan de xestión dos servizos e actividades, así como o estudo, preparación e ditame dos asuntos dos que, por razón da materia, a súa resolución lle incumba ao pleno.

r) O desempeño das tarefas ordinarias do consorcio, así como a aprobación dos actos necesarios para o seu funcionamento.

s) Coordinar as tarefas do consorcio cos servizos municipais directa ou indirectamente relacionados coa competencia consorcial.

t) As funcións que para o desenvolvemento dos servizos lle delegue o pleno.

u) Calquera outra función non atribuída aos demais órganos de goberno e administración do consorcio.

2. En caso de ausencia, enfermidade, incapacidade ou vacante do presidente, serán exercidas as súas funcións polo vicepresidente.

3. O presidente pode delegar no vicepresidente ou no pleno o exercicio das súas atribucións, agás as de convocar e presidir as sesións do pleno, decidir

os empates co voto de calidade, a concertación das operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo deste e o despedimento do persoal laboral, e as enunciadas nas alíneas a), e), i), j), k) e t) do número 1 deste artigo.

4. O presidente poderá, así mesmo, conferir as delegacións especiais para encargos específicos, a favor de calquera membro do consorcio. O acordo de delegación determinará os asuntos que esta comprenda, as potestades que se delegan e as condicións concretas do seu exercicio.

Artigo 13º.-Competencias do pleno do Consello Reitor.

Corresponderanlle ao pleno, para o desenvolvemento e xestión das actividades e servizos determinados polo obxecto e fins do consorcio, as seguintes atribucións:

a) O control e a fiscalización dos demais órganos de goberno.

b) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais; alteración do domicilio, dos seus servizos xerais e os especializados; así como cambio da súa denominación.

c) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas ou regulamentos ou, de ser o caso, a proposta destas ás entidades consorciadas, así como a creación e regulación de órganos complementarios.

d) A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos; a disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación das contas; todo isto de acordo co disposto no texto refundido da Lei de facendas locais.

e) A aprobación dos plans, programas e proxectos, así como a forma de xestión dos servizos e actividades.

f) A aceptación da delegación de competencias feita por outras administracións públicas.

g) A presentación de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais administracións públicas.

h) A aprobación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións do persoal, e o número, características e retribucións do persoal eventual.

i) O exercicio de accións xudiciais e administrativas do consorcio en materias de competencia do pleno ou consello de dirección.

j) Coñecer e resolver as reclamacións que formulen as entidades consorciadas, así como a declaración de lesividade dos actos do consorcio.

k) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.

l) A concertación das operacións de crédito a contía acumulada das cales, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento -agás as de tesouraría, que lle corresponden cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo isto de conformidade co disposto no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ll) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os 60.000 euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta alínea.

m) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

n) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a 3.000.000 de euros, así como os alleamentos patrimoniais e gravame de bens e dereitos dos que o consorcio sexa titular.

ñ) A aprobación das directrices e normas de réxime interno, dos plans e programas anuais de goberno, administración e dirección do consorcio.

o) A elección de entre os seus membros, de presidente e vicepresidente do consorcio, e o seu cesamento, así como a determinación dos representantes das entidades consorciadas que, se é o caso, desenvolvan as súas responsabilidades en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

p) A aprobación da modificación dos estatutos, e a proposta de modificación destes ás entidades consorciadas.

q) A aprobación do regulamento dos servizos que preste o consorcio, será remitido aos entes consorciados para o seu coñecemento, así como a adopción da forma concreta de xestión dos servizos da súa competencia.

r) A proposición ás entidades consorciadas das ordenanzas fiscais, elementos tributarios, taxas, prezos públicos e tarifas que fosen procedentes en relación coas finalidades do consorcio.

s) Aprobar o inventario de bens e dereitos e a memoria anual, dando conta diso ás entidades consorciadas.

t) A fixación das contribucións, sexan ordinarias ou extraordinarias, que obrigatoriamente teñan que efectuar as entidades consorciadas para o sostemento do consorcio.

u) Proponer e aprobar a adhesión ou incorporación ao consorcio de novas entidades locais, doutras administracións públicas ou de entidades privadas sen ánimo de lucro, así como a separación dos que o integran.

v) A proposta de disolución do consorcio.

w) Determinar o número de votos que lle correspondan a cada representante dos entes consorciados de conformidade co disposto no artigo 9º.

x) Aquelas outras que deban corresponder ao pleno ou consello de dirección por exixir a súa aprobación unha maioría especial.

y) Calquera outra que se someta á súa consideración por entender que afectan de modo relevante os intereses comúns, e as demais que expresamente lle confiran as leis.

z) O Pleno pode delegar as súas atribucións no presidente conforme o disposto no artigo 22.4º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Capítulo II

Do persoal

Artigo 14º.-Persoal ao servizo do consorcio.

O persoal será propio ou adscrito, e estará constituído:

a) Secretario, interventor e tesoureiro, nomeados conforme o disposto no artigo seguinte.

b) Xerente.

c) Persoal laboral.

d) De ser o caso, persoal eventual.

Artigo 15º.-Secretario, interventor e tesoureiro.

1. As funcións de secretario e interventor, do consorcio serán exercidas polos habilitados nacionais, de acordo coa normativa que regula os ditos corpos e as competencias delegadas na Xunta de Galicia en relación con eles.

2. As funcións de tesoureiro/a serán exercidas por un membro designado polo Pleno do Consello Reitor, e por maioría absoluta, de entre os membros que representan as entidades locais consorciadas.

Artigo 16º.-O xerente.

1. Por proposta da presidencia, o pleno nomeará un xerente. O dito posto de traballo, sometido á lexislación laboral, terá que ser desempeñado por persoa con formación e titulación axeitada que a capacite para realizar as funcións propias do posto. Acadará este cargo con suxeición aos principios de capacidade, méritos, publicidade e igualdade. Tamén queda aberta a posibilidade de que esta figura non sexa exercida por persoa física, si por persoa xurídica, quedando sometida aos principios da contratación administrativa, a súa contratación.

2. Son funcións do xerente:

a) Velar e facer cumprir os acordos e resolucións dos órganos de goberno do consorcio.

b) Dirixir e coordinar a actuación do consorcio, de conformidade cos regulamentos aprobados e as directrices dos órganos de goberno.

c) Vixiar, fiscalizar, supervisar, impulsar, e inspeccionar as obras, o funcionamento dos servizos, actividades, dependencias e persoal ao seu cargo.

d) Asistir con voz e sen voto, cando sexa requirido para iso, ás sesións do pleno e demais órganos de goberno.

e) Elaborar e propoñer proxectos, plans de actuación de xestión dos servizos e actividades e programas de necesidades do consorcio.

f) Asistencia técnica ao presidente e órganos de goberno.

g) Emitir informe sobre os asuntos que deban tratarse nas sesións dos órganos de goberno, sen prexuízo das funcións asesoras que correspondan á secretaría e intervención do consorcio.

h) Elaborar o anteproxecto do orzamento, e a programación plurianual, así como a memoria anual de rendición de contas.

i) Supervisar a xestión económica e administrativa do consorcio, axustándose ás normas que exige a súa natureza pública.

j) Promover os expedientes de contratación de toda clase, de obras, servizos, e subministración.

k) Formular as propostas de gastos correntes, así como de contribucións económicas das entidades consorciadas.

l) Elevar anualmente ao pleno unha memoria das actividades do consorcio.

ll) Propoñer as medidas e reformas que considere convenientes para o mellor cumprimento do obxecto e fins do consorcio.

m) Manter un contacto permanente cos responsables executivos e técnicos das institucións e entidades integrantes do consorcio, co fin de garantir a máxima coordinación funcional.

n) As demais que lle sexan encomendadas polos órganos de goberno.

Artigo 17º.-Persoal laboral e eventual.

1. O resto do persoal que precise o consorcio estará sometido ao réxime de dereito laboral. O número de postos de traballo e as funcións atribuídas a cada un deles serán as que se determinen no cadro de persoal e relación de postos de traballo, axustándose a súa selección ao disposto para as corporacións locais.

2. Poderase nomear persoal eventual, na forma establecida polos artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Artigo 18º.-Persoal adscrito.

Integran o persoal adscrito o persoal laboral das entidades consorciadas que presten os seus servizos no consorcio, de acordo coa normativa vixente de aplicación a esta clase de persoal.

TÍTULO II

Réxime funcional

Artigo 19º.-Réxime de funcionamento.

1. O réxime de sesións e acordos do consorcio e, en xeral, o seu funcionamento acomodarse ao disposto na lexislación de réxime local, en canto lle sexa aplicable, para os plenos municipais, sen prexuízo das particularidades derivadas da organización propia do consorcio.

2. Subsidiariamente aplicaranse as disposicións da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 20º.-Sesións do Pleno do Consello Reitor.

1. O pleno realizará reunión ordinaria, como mínimo, unha vez cada dous meses, e extraordinaria cando así o decida o presidente ou o solicite, polo menos, a cuarta parte dos seus membros que representen, polo menos, a cuarta parte dos votos; neste caso, o presidente deberá convocar a reunión solicitada dentro dos catro días seguintes ao da presentación da solicitude, e a súa realización non poderá demorarse por máis de 15 días desde que fose solicitada.

2. O presidente poderá dispoñer que asistan ás sesións os técnicos ou persoal especializado que conveña oír nalgún asunto determinado.

3. O quórum para a válida realización das sesións en primeira convocatoria será a maioría absoluta do número legal de membros e de votos das entidades que integran o consorcio.

4. As sesións realizaranse en segunda convocatoria media hora despois da determinada para a primeira, sempre que se encontren presentes cando menos un terzo do número legal de membros e dispoñan dun terzo do número de votos. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou de quen legalmente os substitúa.

Artigo 21º.-Réxime de acordos.

1. Os acordos do Pleno do Consello Reitor adoptaranse por maioría simple dos votos dos membros presentes. En casos de empate, procederase segundo o disposto pola normativa aplicable de réxime local.

2. Cando, en virtude de disposicións legais ou destes estatutos, se exixa quórum especial de maioría absoluta do número legal de votos asignados aos membros do pleno e do número de representantes das entidades consorciadas, na adopción de acordos polo dito órgano, entenderase que existe aquela cando os votos favorables sumen a metade máis un do total de votos asignados ao pleno, ou metade máis un do número de representantes das entidades consorciadas.

3. Será preciso quórum especial de maioría absoluta do número legal de votos asignados aos membros do pleno ou consello de dirección e do número de representantes das entidades consorciadas, para a validez dos acordos do pleno ou consello de dirección, que se adopten nas materias seguintes:

a) Aprobación e modificación do regulamento orgánico propio do consorcio.

b) Liquidación ou disolución do consorcio.

c) Separación de entidades consorciadas.

d) Adhesión de novos membros.

e) Modificación dos estatutos.

f) Aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións.

g) A aprobación do regulamento dos servizos que preste o consorcio.

h) Concesión de bens e servizos por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento.

i) A actualización dos votos que corresponden a cada un dos membros do consorcio, conforme o previsto no artigo 9º, de existiren variacións no voto ponderado.

j) Aprobación da forma concreta de xestión do servizo correspondente.

k) Aprobacións de operacións financeiras ou de crédito e concesións de quitacións ou esperas, cando o seu importe supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do seu orzamento, así como as operacións de crédito previstas no artigo 177 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

l) Imposición e ordenación dos recursos propios de carácter tributario.

ll) Alleamento de bens, cando a súa contía exceda do 20 por 100 dos recursos ordinarios do seu orzamento.

m) Alteración da cualificación xurídica dos bens demaniais.

n) Cesión gratuíta de bens a outras administracións ou institucións públicas.

ñ) As restantes determinadas pola lei.

4. O anterior enténdese sen prexuízo de que se requira outro quórum específico ou cualificado para a adopción de acordos conforme a lexislación xeral de réxime local.

Artigo 22º.-Obrigatoriedade.

As decisións e acordos do consorcio obrigarán por igual a todas as entidades consorciadas.

TÍTULO III

Réxime económico, financeiro e contable

Artigo 23º.-Recursos do consorcio.

1. A facenda do consorcio estará constituída polos seguintes recursos:

a) Ingresos procedentes do seu patrimonio e demais de dereito privado.

b) Subvencións e outros ingresos de dereito público.

c) As subvencións, contribucións, e transferencias de calquera entidade pública ou privada, incluíndo os fondos estruturais, de cohesión, ou calquera outro, procedentes da Unión Europea, tales como Feder, FEOGA, FSE, que coadruven ao obxecto e fins relacionados no artigo 5º.

d) Subvencións a fondo perdido, que poden ser outorgadas pola Xunta de Galicia, nos termos establecidos polo artigo 252 b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

e) As contribucións económicas ordinarias ao orzamento por parte das entidades consorciadas.

f) As taxas e prezos públicos que se establezan para a prestación de servizos ou realización de actividades da súa competencia.

g) Contribucións especiais pola execución de obras ou polo establecemento, ampliación ou mellora de servizos da competencia das entidades consorciadas.

h) O produto das operacións de crédito.

i) Outros recursos que a lexislación de facendas locais recoñece a favor das entidades locais.

j) As demais prestacións de dereito público.

2. Tamén constituirán recursos do consorcio as contribucións económicas extraordinarias das entidades consorciadas.

3. Son aplicables aos recursos do consorcio o disposto na Lei de facendas locais, respecto aos recursos dos concellos, coas particularidades propias do seu obxecto e fins.

4. O réxime financeiro do consorcio non alterará o propio dos concellos que o integran.

Artigo 24º.-Xestión, liquidación, inspección e recadación de tributos.

A xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos que estableza o consorcio realizaranse de acordo co previsto na Lei xeral tributaria e nas demais

leis do Estado reguladoras da materia, así como as disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 25º.-Infraccións, sancións e recargas.

Será aplicable aos tributos que estableza o consorcio o réxime de infraccións, sancións e recargas regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 26º.-Contribucións económicas ordinarias.

1. As contribucións económicas ordinarias anuais de cada entidade consorciada calcularanse en función da poboación de cada concello resultante do último padrón aprobado o 31 de decembro, segundo datos oficiais proporcionados polo Instituto Nacional de Estatística.

2. Para o ano 2005, as porcentaxes provisionais de contribución, correspóndense cos datos achegados polo INE, referidos á poboación de cada un dos concellos o 31-12-2003.

Municipio	Habitantes	Porcentaxe	Orzamento plan dinamizador/ 980.000 euros
A Pobra do Brollón	2.609	3,53446	34.637,75
Portomarín	2.063	2,79478	27.388,91
Taboada	4.180	5,66272	55.494,74
Chantada	9.765	13,22883	129.642,62
Carballedo	3.173	4,29852	42.125,56
O Saviñao	4.826	6,5378	64.071,20
Pantón	3.469	4,69952	46.055,33
Sober	3.077	4,16847	40.851,04
Monforte de Lemos	19.870	26,91828	263.799,08
Ribas de Sil	1.441	0,59743	19.131,08
Quiroga	4.255	5,76433	56.490,46
Paradela	2.603	3,52633	34.558,09
TOTAL LUGO	61.561	83,39790	814.245,86
A Peroxa	2.571	3,48298	34.133,25
Nogueira de Ramuín	2.621	3,55072	34.797,06
Parada de Sil	896	1,21382	11.895,52
A Teixeira	576	0,78031	7.647,12
Castro Caldelas	1.909	2,58616	25.344,37
Xunqueira de Espadanedo	1.099	1,48883	14.590,60
Esgos	1.317	1,78416	17.484,83
Montederramo	1.266	1,71507	16.807,74
TOTAL OURENSE	12.255	16,60210	162.700,50
TOTAL	73.816	100,00000	976.946,36

3. Para a determinación das porcentaxes e contribucións do ano 2004, e dos sucesivos, procederase ao seu cálculo en función da poboación de cada concello, na forma prevista nas epígrafes anteriores, o que será aprobado polo pleno.

Artigo 27º.-Financiamento dos servizos e das actividades.

Para a execución das obras e a prestación de servizos e actividades redactarase o correspondente proxecto, memoria valorada e informe técnico, determinándose o sistema de financiamento que proceda, en consonancia cos recursos sinalados nestos estatutos.

Artigo 28º.-Aprobación do orzamento.

1. O consorcio aprobará anualmente un orzamento único, comprensivo das obrigas que, como máximo, poderá recoñecer durante o correspondente exercicio económico, e dos dereitos que se prevexan liquidar no mesmo período.

2. O dito orzamento axustarase no seu contido, estrutura, tramitación e aprobación ao establecido pola Lei de facendas locais e disposicións que a desenvolvan.

Artigo 29º.-Previsión dos gastos e ingresos.

1. Todas as contribucións económicas ordinarias, referidas no punto 1 do artigo anterior, serán efectuadas polas entidades consorciadas mediante entregas periódicas, que se ingresarán con anterioridade ao último día de cada trimestre natural, á tesouraría do consorcio, ou en calquera outro prazo fixado por acordo do pleno.

2. En caso de que as entregas referidas no punto anterior non se efectúen nos prazos previstos, co obxecto de regularizar os ingresos das contribucións das entidades consorciadas, estas:

a) Facultan o presidente do consorcio para que, transcorrido o prazo para o ingreso das contribucións das entidades consorciadas, e acreditada a débeda polo seu secretario, logo de informe da tesouraría e da intervención, poida dirixirse á Administración central ou á Comunidade Autónoma para a retención dos fondos ou cotas pendentes con cargo ás cantidades que por calquera concepto fosen liquidadas a favor da entidade consorciada debedora, por igual importe ao das contribucións non satisfeitas trimestralmente, para o seu ingreso na facenda do consorcio.

b) Recoñécenlles ás deputacións provinciais de Lugo e Ourense, a facultade de reter o importe das cantidades debidas con calquera crédito que a favor da entidade consorciada se dispoña na corporación provincial, transferindo as ditas cantidades ao consorcio. Esta retención solicitaráa o presidente do consorcio, sinalando o importe da débeda e data de vencemento, que deberán acreditarse mediante certificación da secretaría, logo dos informes do tesoureiro e interventor, sobre o importe pendente de ingresar.

3. Nos casos previstos no número anterior deste artigo, con carácter previo, darase audiencia á entidade afectada, requiríndolle de pagamento por prazo de dez días.

4. No suposto de que algunha entidade consorciada lle debese ao consorcio dous trimestres da súa contribución, a presidencia procederá a ditar resolución, logo de audiencia ao afectado, pola que se acorde deixar de prestar os servizos e actividades.

5. O mesmo réxime dos puntos anteriores aplicarase ás contribucións económicas extraordinarias, que se terán que ingresar na tesouraría do consorcio no prazo máximo dun mes desde a notificación do pertinente acordo do pleno.

6. As contribucións das entidades consorciadas consideraranse ingresos de carácter público do consorcio para todos os efectos legais.

Artigo 30º.-Demora no ingreso de contribucións.

As cantidades que non fosen ingresadas na tesouraría do consorcio na data de vencemento fixada no artigo anterior, incrementaranse en proporción ao tempo transcorrido ata o seu pagamento efectivo coa cantidade que resulte de aplicar o xuro de demora fixado pola Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio correspondente.

Artigo 31º.-Xestión orzamentaria.

Será igualmente aplicable o disposto polo texto refundido da Lei de facendas locais, en materia de créditos e as súas modificacións, xestión e liquidación do orzamento, coas peculiaridades propias do consorcio.

Artigo 32º.-Tesouraría do consorcio.

A tesouraría do consorcio rexerase polo disposto no texto refundido da Lei de facendas locais e, en canto lle sexa de aplicación, polas normas do título V da Lei xeral orzamentaria.

Artigo 33º.-Contabilidade.

O consorcio levará a súa contabilidade de conformidade coa instrución de contabilidade para a Administración local ordinaria.

Artigo 34º.-Rendición de contas.

O consorcio, coas peculiaridades derivadas da súa finalidade e estrutura orgánica, elaborará e renderá as contas anuais nos termos sinalados polos artigos 200 e seguintes do texto refundido da Lei de facendas locais.

Artigo 35º.-Fiscalización.

A xestión económica do consorcio será obxecto das fiscalizacións interna e externa reguladas polo texto refundido da Lei de facendas locais.

Artigo 36º.-Dos bens.

1. Os bens do Estado, comunidade autónoma, deputación provincial, mancomunidades, entidades consorciadas, ou calquera outra pública ou privada, adscritos ou que poidan adscribirse ao consorcio para o cumprimento dos seus fins, conservarán a súa cualificación xurídica orixinaria, correspondéndolle tan só ao consorcio a súa utilización, administración, explotación e conservación, de conformidade coas disposicións legais vixentes na materia. As facultades de disposición limitadas que lle poidan recoñecer ao consorcio sobre os bens mencionados serán as que consten nos acordos de cesión correspondentes e limitaranse sempre ás finalidades estatutarias.

2. De tales bens farase un inventario detallado.

3. Os bens adquiridos polo consorcio integranse no seu patrimonio, ao que lle serán de aplicación as normas reguladoras do patrimonio das entidades locais e da cualificación xurídica dos seus bens.

TÍTULO IV

Modificación e disolución

Artigo 37º.-Modificación dos estatutos e disolución do consorcio.

Para a modificación dos estatutos, así como para a disolución do consorcio, seguiranse as mesmas regras e os mesmos procedementos que o establecido na lexislación estatal básica e polos artigos 143 e 144 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Artigo 38º.-Adhesión de novos membros.

1. A adhesión ao consorcio de novos membros deberá facerse mediante solicitude que terá que ser aprobada por todas e cada unha das entidades consorciadas, coa conseguinte modificación dos estatutos, as disposicións dos cales serán de obrigatorio cumprimento para os membros incorporados.

2. Só se poderán adherir ao consorcio outras administracións públicas e entidades privadas sen ánimo de lucro que teñan finalidades de interese público concorrentes co obxecto e fins do consorcio.

3. Calquera que sexa o momento no que se adopte o acordo de adhesión ao consorcio dunha nova entidade, esta non producirá efectos ata a entrada en vigor do orzamento do seguinte exercicio económico, agás que dispoña outra cousa o pleno.

Artigo 39º.-Separación de membros do consorcio.

1. A separación voluntaria dunha entidade do consorcio precisará os seguintes requisitos:

a) Aviso previo dun ano dirixido ao presidente.

b) Estar ao día no cumprimento das obrigas e compromisos anteriores respecto do consorcio e garantir o cumprimento e liquidación daquelas e estes.

2. A separación producirá efectos ao finalizar o exercicio económico no que se adoptase o correspondente acordo.

3. A separación non poderá comportar perturbación, prexuízo ou risco evidente para a realización de calquera dos servizos ou actividades do consorcio, nin prexuízo para os intereses públicos a este encomendado.

4. O pleno, co quórum especial do artigo 7º, no suposto de incumprimento de obrigas ou compromisos por algunha das entidades consorciadas, con forma motivada, poderá acordar a súa separación.

5. A separación levará consigo necesariamente a modificación dos estatutos.

Artigo 40º.-Disolución do consorcio.

1. O consorcio poderá disolverse por algunha das causas seguintes:

a) Por transformación do consorcio noutra entidade, mediante acordo do pleno, co quórum establecido no artigo 7º ratificado pola totalidade das entidades locais consorciadas.

- b) Polo cumprimento da súa finalidade.
- c) Por incumprimento do seu obxecto.
- d) Por imposibilidade de continuar o seu funcionamento.
- e) Por separación dalgún dos seus membros se con iso devén inoperante.
- f) Por mutuo acordo das entidades consorciadas.

2. No caso de disolución, manterá a súa personalidade xurídica, mentres non sexa adoptado polo pleno o acordo de liquidación e distribución do seu patrimonio, que será publicado no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*. Tal acordo determinará a forma pola que se procederá á liquidación dos bens do consorcio e a reversión ás entidades consorciadas das obras, instalacións, e, en xeral, dos bens propios e dos que o consorcio administrase en réxime de cesión de uso, a titularidade dos cales correspóndese a outras entidades ou administracións públicas.

3. O coeficiente de participación recollido no artigo 26º, no suposto de disolucións, servirá para a distribución do patrimonio neto.

TÍTULO V Responsabilidade

Artigo 41º.-Responsabilidade.

As entidades consorciadas responderán subsidiariamente dos actos e acordos do consorcio nas porcións indicadas no artigo 26 dos estatutos.

Disposicións adicionais

Primeira.-O consorcio, no ámbito determinado para o seu obxecto e finalidades, ten as potestades e prerrogativas que lles corresponden aos entes locais non territoriais.

Segunda.-O custo do persoal adscrito polas entidades consorciadas poderá ser deducido das contribucións económicas ordinarias que lle corresponda aboar á entidade de orixe, na forma que se determine no acordo de adscrición.

Terceira.-Para o cumprimento dos seus fins, o consorcio poderá valerse dos servizos administrativos e técnicos de calquera das entidades locais consorciadas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A entrada en vigor destes estatutos producirase, unha vez aprobados definitivamente polas entidades consorciadas, ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no *Diario Oficial de Galicia*, sen prexuízo da que se realice no BOP.

Segunda.-Comunicaráselle á Administración central do Estado e á Xunta de Galicia, a constitución do consorcio, para os efectos da súa inscrición nos correspondentes rexistros.

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 22 de febreiro de 2005, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do texto da acta da comisión paritaria do convenio colectivo de comercio alimentación, da provincia de Ourense.

Visto o texto da acta da comisión paritaria do convenio colectivo de comercio alimentación da provincia de Ourense (código de convenio número 3200545, publicado no BOP número 154 do 7-7-2004), pola que se acorda a revisión da táboa salarial para o ano 2005, subscrita coa data 1 de febreiro de 2005, pola mencionada comisión paritaria, en representación tanto da parte económica como dos traballadores do sector e, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo.

Esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Unidade de Mediación, Arbitraje e Conciliación (UMAC).

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no BOP e no DOG.

Ourense, 22 de febreiro de 2005.

José Lage Lage
Delegado provincial de Ourense

Acta da comisión paritaria do convenio colectivo de comercio alimentación da provincia de Ourense
2004-2005

Sendo as 12.00 horas do día 1 de febreiro de 2005, reúnen as persoas que a seguir se relacionan na sede da *Confederación Empresarial de Ourense*, sita en praza das Damas, nº 1 para proceder á actualización das condicións económicas do convenio colectivo de comercio alimentación da provincia de Ourense, para o seu segundo ano de vixencia.

Pola parte empresarial: José Carlos González Marquina, Francisco Carabel Di Paola, Rafael Souto. Asesores: María de Miguel e José Manuel Pérez Garrido.

Pola parte social: por UGT: Concepción López Caride. Por CC.OO.: José Gómez. Por FETICO: Concepción Rodríguez Salgado. Por USO: Modesto Amorín Fernández.

Iniciada a reunión, as partes acordan proceder á actualización dos conceptos económicos do convenio para o segundo ano e vixencia, conforme as condicións pactadas no artigo 10 do texto, que establece literalmente que: «Para 2005, o incremento salarial será a porcentaxe que resulte de sumar ao IPC real resultante o 31 de decembro de 2004+1%, unha vez que este sexa constatado polo INE. Este incremento tamén se aplicará sobre as axudas de custo e a gratificación de actividade».

Sendo o IPC real de 2004 o 3,2% procédese á actualización dos referidos conceptos no 4,2%, resultando as seguintes cantidades:

Artigo 12º.-Axudas de custo.

A contía destas será a seguinte:

-Axuda de custo completa: 34,58 euros.

-Xantar: 12,96 euros

-Cea: 8,64 euros.

-Almorzo: 2,60 euros.

Ou ben, mediante acordo coa empresa, utilizando o sistema de gastos para xustificar.

Artigo 20º.-Gratificación de actividade.

Todos os traballadores percibirán en concepto de gratificación de actividade a cantidade de 44,33 euros mensuais, aplicándose a citada cantidade en 12 mensualidades.

Táboa salarial 2005

Grupo	Categorías	Salario base	Salario anual
I.A)	Director	886,29 €	13.294,35 €
I.B)	Xefe de administración, xefe de vendas, xefe de compras	830,91 €	12.463,65 €
I.C)	Supervisor, coordinador xeral, xefe de centro.	775,48 €	11.632,20 €
II.A)	Xefe de almacén; xefe de supermercado; xefe de sección.	731,19 €	10.967,85 €
II.B)	Analista, responsable de expedición, recepcionista.	720,95 €	10.814,25 €
II.C)	Oficial administrativo, programador	697,94 €	10.469,10 €
III.A)	Mecánico, electricista, oficial de 1ª chofer, operador informática, capacitaz, viaxante	675,82 €	10.137,30 €
III.B)	Dependente, oficial de 2ª chofer, auxiliar de caixa repoñedor, auxiliar de caixa dependente, auxiliar de caixa, auxiliar de gravación, auxiliar administrativo, axudante mecánico, axudante electricista, peón de mantemento, mozo especializado:	642,57 €	9.638,55 €

Grupo	Categorías	Salario base	Salario anual
III.C)	Telefonista, mozo de repartición, mozo repoñedor; oficial de 3ª, axudante, persoal de limpeza	620,41 €	9.306,15 €

E sen máis puntos que tratar levántase a sesión cando son as 12.30 horas no mesmo lugar e día establecido ao inicio, levantándose para o efecto a presente acta, que en proba de conformidade asinan os presentes por sextuplicado exemplar.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 11 de marzo de 2005 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba a nova regulamentación das bases reguladoras das axudas para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega.

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG número 58, do 28 de marzo de 2005, procede facer as seguintes correccións:

-Na páxina 5.065, punto 3.1.4.1., onde di: «Para o cómputo do dito máximo acumularanse as solicitudes de subvención presentadas por un mesmo solicitante nun período dun ano natural desde a primeira delas.»; debe dicir: «Para o cómputo do dito máximo acumularanse as solicitudes de subvención presentadas por un mesmo solicitante nun período dun ano contado desde a primeira delas.».

-Nas páxinas 5.072 e 5.073, punto 6.4.2.3.3 a), onde di: «..., se así o propuxese, de normativas de aseguramento da calidade (ISO 9000) e/ou ambiente (ISO 14000)...»; debe dicir: «..., se así o propuxese, de sistemas de aseguramento da calidade (ISO 9001, ISO 17025, Q de calidade turística, UNE 175001) e/ou ambiente (ISO 14000)...».

-Na páxina 5.074, punto 6.5.1.3, onde di: «... de sistemas destinados á implantación nunha PEME de sistemas de aseguramento da calidade (ISO 9000, ISO 17000, Q de calidade turística) e/ou ambiente (ISO 14000)»; debe dicir: «... de sistemas destinados á implantación nunha PEME de sistemas de aseguramento da calidade (ISO 9001, ISO 17025, Q de calidade turística, UNE 175001) e/ou ambiente (ISO 14000)».

-Na páxina 5.075, punto 6.7.1, onde di: «... e cubrindo a documentación establecida no anexo VIII segundo cada tipo de proxecto.»; debe dicir: «... e cubrindo por duplicado a documentación establecida no anexo VIII segundo cada tipo de proxecto.».

-Na páxina 5.076, elimínase o punto 6.7.11, pasando o punto 6.7.12 a ser o 6.7.11.

-Na páxina 5.092, substitúese o anexo VIII, modelo 1, polo que se une a esta corrección de erros.

ANEXO VIII (BASE 6ª)
MODELO 1

PROXECTOS DO PLAN DE CONSOLIDACIÓN E COMPETITIVIDADE DA PEME (BASE 6ª)

A) DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTARÁN AS EMPRESAS SOLICITANTES DAS AXUDAS.

Para cada solicitude deberá acompañar por duplicado a seguinte documentación que se presentará en orixinal ou copia cotexada.

- | | | |
|-----|--------------------------|---|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Formulario de solicitude do Plan de consolidación e mellora competitiva da PEME na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as follas específicas que figuran no anexo VI. |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Certificación da condición de PEME, segundo o anexo VIII modelo 2. |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Declaración expresa doutras axudas solicitadas para o mesmo proxecto, cumprimento coas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, e de non ter contraída débeda ningunha, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia. Segundo o modelo establecido no anexo VIII modelo 3. |
| 4 | | Memoria técnica e económica do proxecto: |
| 4.1 | <input type="checkbox"/> | Título do proxecto. |
| 4.2 | <input type="checkbox"/> | Descrición do proxecto e os seus obxectivos. |
| 4.3 | <input type="checkbox"/> | Novidade e interese a nivel xeral e sectorial. |
| 4.4 | <input type="checkbox"/> | Recursos humanos e técnicos da entidade, e experiencia dos promotores. |
| 4.5 | <input type="checkbox"/> | Capacidade e experiencia das colaboracións externas participantes no proxecto. |
| 4.6 | <input type="checkbox"/> | Impacto do proxecto en canto a previsións de creación de emprego. |
| 4.7 | <input type="checkbox"/> | Etapas de realización e cronograma, etc. |
| 4.8 | <input type="checkbox"/> | Orzamento detallado do proxecto por conceptos, actuacións e etapas (custos de colaboracións externas, investimentos, facturas proforma, contratos preliminares, etc.). |

B) DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTARÁN OS ORGANISMOS INTERMEDIOS SOLICITANTES DAS AXUDAS.

Para cada solicitude deberá acompañar por duplicado a seguinte documentación a presentar en orixinal ou copia cotexada.

- | | | |
|-----|--------------------------|---|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Formulario de solicitude do Plan de consolidación e mellora competitiva da PEME na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as follas específicas que figuran no anexo VII. |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Declaración expresa doutras axudas solicitadas para o mesmo proxecto, cumprimento coas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, e de non ter contraída débeda ningunha, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia. Segundo o modelo establecido no anexo VIII modelo 3. |
| 3 | | Memoria técnica e económica do proxecto: |
| 3.1 | <input type="checkbox"/> | Título do proxecto. |
| 3.2 | <input type="checkbox"/> | Descrición do proxecto e os seus obxectivos. |
| 3.3 | <input type="checkbox"/> | Novidade e interese a nivel xeral e sectorial. |
| 3.4 | <input type="checkbox"/> | Recursos humanos e técnicos da entidade e experiencia dos promotores. |
| 3.5 | <input type="checkbox"/> | Capacidade e experiencia das colaboracións externas participantes no proxecto. |
| 3.6 | <input type="checkbox"/> | Impacto do proxecto en canto á previsións de creación de emprego. |
| 3.7 | <input type="checkbox"/> | Etapas de realización e cronograma, etc. |
| 3.8 | <input type="checkbox"/> | Orzamento detallado do proxecto por conceptos, actuacións e etapas (custos de colaboracións externas, investimentos, facturas proforma, contratos preliminares, etc.). |
| 4 | | Para cada PEME beneficiaria indirecta, incluíranse, individualizadamente, os seguintes datos asinados por un representante da empresa*: |
| 4.1 | <input type="checkbox"/> | Certificación da condición de PEME, segundo o modelo establecido no anexo VIII modelo 2. |
| 4.2 | <input type="checkbox"/> | Declaración asinada da súa participación no proxecto e o alcance desta. |

(*) No caso de que o proxecto non teña determinadas as Pemes participantes, declararase o dito extremo, e as certificacións das Pemes participantes remitiranse coa xustificación do proxecto no caso de que resulte aprobado.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Corrección de erros.-Orde do 25 de maio de 2005 pola que se procede ao nomeamento como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia dos aspirantes que superaron o proceso selectivo, convocado pola Orde do 26 de decembro de 2002 de diversas categorías correspondentes aos grupos IV e V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

Advertidos erros na orde citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 102, do 30 de maio, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 9.306, no anexo II, na categoría 10F (peón forestal) do grupo V, na fase de resultados débese engadir:

DNI: 36078247X.

Apellidos e nome: Peniza Pereira, Miguel Ángel.
Código de posto: MAC991518036380009.

Centro directivo: servizos periféricos.

Centro destino: distrito ambiental: XVIII Vigo, baixo Miño.

Resolución do 1 de xuño de 2005, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 012 (mestre/a de taller) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola que se fan públicas as puntuacións definitivas da fase de concurso.

Na sesión que tivo lugar o día 30 de maio de 2005, o tribunal designado pola Orde do 3 de xuño de 2004 para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 012 (mestre/a de taller) e 084 (oficial 1ª calefactor/a) do grupo III do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado por Orde do 19 de decembro de 2003 (*Diario Oficial de Galicia* nº 252, do 30 de decembro),

ACORDOU:

1. Publicar as puntuacións definitivas correspondentes á fase de concurso obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición da categoría 012 (mestre/a de taller), conforme o disposto á base II.1.6 da convocatoria e que figuran como anexo a esta resolución.

2. Aceptar parcialmente a alegación presentada por Mª del Pilar Paz Vidal e rectificar a puntuación outorgada a Mª del Pilar Paz Vidal no punto II.1.2 B) da Resolución do 22 de abril de 2005 (DOG nº 83, do 2 de maio), outorgándolle 0,90 puntos.

3. Desestimar as restantes alegacións.

4. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2005.

Ángel Bernardo Tahoces
Presidente do tribunal III-K

ANEXO

Categoría 012, grupo III, mestre/a de taller.
Promoción interna e cambio de categoría.

DNI	Apellidos e nome	Experiencia profesional (base II.1.1)				Formación profesional (base II.1.2)		Total
		Apdo. a)	Apdo. b)	Apdo. c)	Apdo. d)	Apdo. A)	Apdo. B)	
76357772A	Bestilleiro Louro, José Manuel	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
32798579G	Deive Novo, Marcos	0,00	0,00	0,00	0,00	3,45	0,10	3,55

Acceso libre.

DNI	Apellidos	Nome	Puntuación						
			II.1.1				II.1.2		Total
			a)	b)	c)	d)	A)	B)	
35322126Z	Barciela Viéitez	Óscar	7,70	0,00	0,10	0,00	0,15	0,00	7,95
36068047E	Bueses Costas	María Pilar	0,00	1,20	0,00	0,00	7,50	0,00	8,70
33303563T	Méndez Díaz	Luis	7,70	0,00	0,00	0,00	7,50	0,00	15,20
76563125N	Paz Vidal	María del Pilar	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,90
34262768J	Sánchez Fernández	Mª Amparo	0,00	0,00	0,00	0,00	0,10	0,00	0,10
33337847Z	Val Arias	Claudio Policarpio	0,00	0,70	0,00	0,00	2,45	0,00	3,15

**CENTRO INFORMÁTICO PARA
A XESTIÓN TRIBUTARIA,
ECONÓMICO-FINANCIERA
E CONTABLE**

Corrección de erros.-Resolución do 21 de abril de 2005 pola que se convocan probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de analistas programadores deste organismo, pola quenda de promoción interna e cambio de categoría.

Advertido erro na devandita resolución, publicada no DOG nº 100, do 26 de maio de 2005, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 9.117, punto 1, epígrafe 1.4.2, onde di: «Estar en posesión do título académico de enxeñeiro en informática, enxeñeiro técnico en informática de xestión, enxeñeiro técnico en informática de sistemas, diplomado en informática, licenciado universitario ou diplomado en físicas ou matemáticas, antes do final do prazo de presentación de solicitudes», debe dicir: «Estar en posesión do título académico de enxeñeiro en informática, enxeñeiro técnico en informática de xestión, enxeñeiro técnico en informática de sistemas, diplomado en informática, licenciado universitario ou diplomado en físicas, matemáticas ou telecomunicacións, antes do final do prazo de presentación de solicitudes».

Na páxina 9.117, punto 2.3 no referente ao prazo de presentación de solicitudes, os 20 días naturais contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta corrección de erros no *Diario Oficial de Galicia*.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 9 de xuño de 2005, da División de Recursos Humanos, pola que se resolve definitivamente o proceso extraordinario de consolidación de emprego de determinadas categorías do Servizo Galego de Saúde, se nomean os aspirantes seleccionados como persoal estatutario fixo do organismo e se lles adxudica aos participantes o destino definitivo correspondente.

A base décimo sexta e seguintes das diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), polas que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, dispón que publicadas as listaxes provisionais, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as correccións oportunas, a División de Recursos

Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará, no *Diario Oficial de Galicia* a resolución definitiva da asignación de destinos por centros de xestión. Para este efecto, a estimación ou desestimación das devanditas reclamacións entenderanse implícitas nesta resolución.

Así mesmo, o persoal en situación de expectativa de destino que obtivese praza na fase de provisión será nomeado persoal estatutario fixo, polo que a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación definitiva do total dos adxudicatarios, con expresión concreta da praza adxudicada, resolución que abrirá o prazo de toma de posesión.

Polo tanto, este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter definitivo, as puntuacións e os destinos obtidos polos aspirantes que participaron na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado polas diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro), das seguintes categorías: farmacéutico de atención primaria e técnico de saúde de atención primaria.

Segundo.-As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Nomear persoal estatutario fixo na respectiva categoría os aspirantes seleccionados en situación de expectativa de destino.

Cuarto.-Adxudicarlles a todos os participantes con carácter de destino definitivo a praza correspondente que figura no devandito anexo desta resolución.

Quinto.

1. Os adxudicatarios procedentes da fase de selección disporán dun prazo máximo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, para efectuar a toma de posesión. De non se producir a toma de posesión no prazo indicado sen causa xustificada, quedará sen efecto o nomeamento como persoal estatutario fixo da respectiva categoría e especialidade e perderán os dereitos derivados da súa participación no proceso de consolidación de emprego.

Este mesmo prazo aplicarase no caso de que a adxudicación de praza supoña o reingreso ao servizo activo. En ambos os dous casos, este período non será retribuído.

2. Cando o adxudicatario sexa persoal estatutario con praza en propiedade na mesma categoría e especialidade e non proceda da fase de selección, deberá cesar na que, se é o caso, desempeñe, dentro dos

tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución. Non obstante, o xerente da institución, por necesidades do servizo, poderá ampliar este prazo ata dez días.

A toma de posesión na nova praza deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se as prazas son da mesma localidade; no prazo de quince días hábiles, se son de distinta localidade pero da mesma área de saúde; ou no dun mes, se pertencen a distinta localidade e área de saúde. Non disporán de ningún dos prazos posesorios sinalados aqueles adxudicatarios de praza que xa viñeran ocupando praza no mesmo centro ou complexo hospitalario, en virtude de comisión de servizos ou reingreso provisional.

O prazo de toma de posesión e, se é o caso, a prórroga deste, terá a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes conforme as normas establecidas na orde anual pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas de persoal ao servizo da Administración autonómica.

Cando o adxudicatario non tome posesión da praza adxudicada no prazo indicado sen causa xustificada, perderá todos os dereitos derivados da súa participación nesta convocatoria.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular como persoal estatutario e será declarado na devandita situación quen non se incorpore ao destino obtido dentro dos prazos establecidos ou das súas prórrogas que legal ou regulamentariamente procedan. Non obstante, se existen causas suficientemente xustificadas así apreciadas pola División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde logo da audiencia do interesado, poderá deixarse sen efecto a devandita situación. En tal caso o interesado deberá incorporarse ao seu destino tan axiña desaparezan as causas que no seu momento o impediron.

3. A toma de posesión da praza adxudicada levará aparellado o cesamento do persoal estatutario temporal que, se é o caso, corresponda, aplicándose os criterios de cesamento do Servizo Galego de Saúde.

Sexto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición ante esta división no prazo dun mes desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2005.

José Ignacio Lema Piñeiro

Director xeral da División de Recursos Humanos

ANEXO

RELACIÓN DEFINITIVA DE ADXUDICATARIOS

E DESTINO

FARMACÉUTICO DE ATENCIÓN PRIMARIA

NIF	NOME	DESTINO ADXUDICADO
07228613N	CAPITAN GUARNIZO, MARIA JUDITH	1507 X.A.P. CORUÑA
29158056J	CARRERA MERINO, ANTONIO ROBERTO	3606 X.A.P. VIGO
32810426Y	CASAL LLORENTE, CARMEN	3612 X.A.P. PONTEVEDRA
20149941D	CHICANO PIA, PEDRO	1507 X.A.P. CORUÑA
50167081X	DURAN PARRONDO, MARIA CARMEN	3612 X.A.P. PONTEVEDRA
32427435B	FERNANDEZ CONCHEIRO, MARIA EUGENIA	1507 X.A.P. CORUÑA
34944909C	FERNANDEZ GONZALEZ, ROSA MARIA	3206 X.A.P. DE OURENSE
33260014J	FIGUEROA ROO, JESUS FLORINDO	2703 X.A.P. LUGO
34974631A	IGLESIAS ALVAREZ, NURIA	3612 X.A.P. PONTEVEDRA
7227373Z	MARCHENA FERNANDEZ, MARIA DE LOS	1508 X.A.P. FERROL
32645818D	PEREIRA PIA, MERCEDES	2703 X.A.P. LUGO
07878830L	PEREZ SANCHEZ, MARIA BELEN	1509 X.A.P. SANTIAGO
76413001D	PIA MORANDEIRA, AGUSTIN	1509 X.A.P. SANTIAGO
36149197M	REBOREDO GARCIA, SILVIA MARIA	3612 X.A.P. PONTEVEDRA
33293652W	REY GOMEZ-SERRANILLOS, MARIA	3606 X.A.P. VIGO

TÉCNICO DE SAÚDE DE ATENCIÓN PRIMARIA

NIF	NOME	DESTINO ADXUDICADO
33286670N	BLANCO RAMOS, MANUEL ANGEL	3206 X.A.P. OURENSE
33241960Z	CLAVERIA FONTAN, ANA	3606 X.A.P. VIGO
34983056X	DOMINGUEZ GONZALEZ, MARIA NIEVES	1507 X.A.P. CORUÑA
33844566C	GOMEZ BESTEIRO, MARIA INMACULADA	1507 X.A.P. CORUÑA
33235904F	IGLESIAS DIAZ, ALEJANDRO LUIS	3612 X.A.P. PONTEVEDRA
34923003X	LORENZO RUMBAO, JUAN RAUL	3206 X.A.P. OURENSE
13740438P	MACHIN FERNANDEZ, ANTONIO JAVIER	2703 X.A.P. LUGO
7828930Y	MARTIN MIGUEL, MARIA VICTORIA	3606 X.A.P. VIGO
34937351Y	NUÑEZ MASID, ELOINA	3206 X.A.P. OURENSE
34989972A	PEÑA-REY LORENZO, ISABEL	1508 X.A.P. FERROL
36023123V	PEREZ GONZALEZ, MARIA DEL CARMEN	3606 X.A.P. VIGO
35437348Y	PIÑEIRO LAGO, BEATRIZ	3612 X.A.P. PONTEVEDRA
33237088H	SEGADE BUCETA, XOSE MANUEL	1509 X.A.P. DE SANTIAGO
33237698F	VIZOSO VILLARES, RAMON	1509 X.A.P. DE SANTIAGO

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE CANGAS

Edicto (335/2004).

No xuízo seguido por instancia de Arturo Lagoa Graña contra Guadalupe Liaño Ferrer co número 335/2004, ditouse a resolución cuxo encabezamento e parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Na cidade de Pontevedra, 22 de setembro de 2004.

Sentenza. Vistos por min, María Luisa Maquieira Prieto, xuíza substituta do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número un de Cangas e o seu partido, as presentes actuacións de xuízo verbal tramitados co número 335/2004, no que interviñeron como demandante Arturo Lagoa Graña, representado polo procurador dos tribunais Faustino Javier Maquieira Gesteira e asistido pola letrada Virginia Blanco Corral, e como demandada Guadalupe Liaño Ferrer, en situación de rebeldía, en virtude das seguintes consideracións,

Ditamino estimar integramente a demanda interposta polo procurador señor Maquieira Gesteira en nome e representación de Arturo Lagoa Graña, contra Guadalupe Liaño Ferrer, declarada en situación de rebeldía procesual, e en consecuencia, declarar

resolto o contrato de arrendamento para uso distinto do de vivenda sita no baixo, letra B, da rúa Aldea de Arriba, número 1, desta localidade de Cangas, subscrito entre a demandante e a demandada Guadalupe Liaño Ferrer, así como o desafiuzamento subseguinte sen apercibimento de lanzamento, condenando igualmente a demandada señora Liaño ao aboamento á demandante da cantidade debida, que ascende a 2.981,82 euros, máis os xuros legais, e iso con expresa imposición de custas á demandada.

Notifíqueseles esta resolución a todos os interesados facéndolles saber que contra ela cabe interpoñer recurso de apelación, anunciando este no prazo de cinco días a partir da súa notificación, mediante escrito presentado neste xulgado, e posterior interposición para a súa resolución pola Audiencia Provincial.

Líbrese e únase certificación desta resolución ás actuacións con inclusión da orixinal no libro de sentenzas.

Así o acordo, mando e asino (seguen rúbricas)».

En virtude do acordado nos autos de referencia, de conformidade co disposto nos artigos 156.4º e 164 da Lei 1/2000, de axuízamento civil, pola presente notifícase a sentenza con data de 22 de setembro de 2004 a Guadalupe Liaño Ferrer.

En Cangas, 3 de maio de 2005.

O secretario xudicial
Rubricado

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edicto (501/2004).

Francisco Castiñeiras Fernández, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número tres de Santiago de Compostela, fago saber que neste xulgado séguese procedemento ordinario 501/2004 por instancia de Carmen Mata Sisto, José María Faiño Mata e María Luisa Fiaño Mata, contra Ramón, Manuel e José Antelo Iglesias, sobre acción declarativa de dominio, e pola presente en virtude do acordado en resolución do día da data acordouse emprazar a todos os posibles terceiros suxeitos e interesados ou prexudicados no procedemento ordinario número 501/2004 co fin de que poidan comparecer no xuízo expresado, para contestar a demanda, na que figura como parte demandada no prazo de vinte días hábiles computados desde o seguinte ao deste emprazamento por medio de avogado e procurador.

Prevenções legais.

1. Se non comparece, declararáselle en situación de rebeldía procesual e notificada esta, non se levará a cabo ningunha outra, excepto a da resolución que

poña fin ao proceso (artigos 496 e 497 da Lei 1/2000, de axuízamento civil).

2. A comparecencia no xuízo debe realizarse por medio de procurador, coa asistencia de avogado (artigos 23 e 31 da Lac).

3. Debe comunicar este tribunal calquera cambio de domicilio que se produza durante a substanciación deste proceso (artigo 155.5º parágrafo primeiro da Lac).

E para que así conste e sirva de emprazamento a todos os posibles terceiros suxeitos interesados e prexudicados, e para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido selo e asino este edicto en Santiago de Compostela o tres de maio de dous mil cinco.

O secretario
Rubricado

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

Cédula de notificación de sentenza (244/2005).

Eu, M^a Jesús Hernando Arenas, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño de que en autos seguidos perante este xulgado do social, tramitados baixo o número 244/2005, por instancia de Manuel Porto Gestal contra a empresa *Gallega de Rehabilitaciones y Construcciones, S.L.* e o Fogasa sobre despedimento, se ditou a seguinte sentenza:

«Na cidade da Coruña, 4 de maio de 2005. Jorge Hay Alba, maxistrado-xuíz do Xulgado do Social número dous da Coruña, viu os presentes autos de xuízo número 244/2005, seguidos por instancia de Manuel Porto Gestal, maior de idade, asistido polo letrado José Nogueira Esmorís, contra a empresa *Gallega de Rehabilitacións y Construcciones, S.L.* que non compareceu nos autos; e o Fogasa, representado e asistido pola letrada Enma Pérez Díaz del Corral, sendo o obxecto da reclamación despedimento.

Seguen feitos e fundamentos de dereito.

Decido que, estimando a demanda interposta por Manuel Porto Gestal contra a empresa *Gallega de Rehabilitaciones y Construcciones, S.L.*, intervino o Fogasa, debo declarar e declaro improcedente o despedimento efectuado ao demandante, condenando a demandada a que no prazo de cinco días, desde a data da notificación da sentenza opte entre a readmisión inmediata do demandante nas mesmas condicións que poseía con anterioridade ou o aboamento dunha indemnización de 691,17 euros, máis, en ambos os casos, o aboamento dos salarios de tramitación desde a data do despedimento ata a notificación desta resolución que ascende a 46,08 euros diarios.

Notifíqueseles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra ela só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anunciándose ante este xulgado no prazo de cinco días contado a partir da notificación desta sentenza e, no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuíta deberá, ao anunciarlo, entregar o comprobante da consignación da cantidade obxecto da condena na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030-6349-0000-5603, clave 60, facendo constar no ingreso o número de expediente.

E, así mesmo, deberá, no momento de interpor o recurso, consignar a cantidade de 150,25 euros en concepto de depósito na clave 65 da citada conta e expediente.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación á empresa *Gallega de Rehabilitaciones y Construcciones, S.L.*, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido e asino esta cédula de notificación na Coruña, 4 de maio de 2005.

A secretaria xudicial
Rubricado

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Resolución do 8 de xuño de 2005 pola que se anuncia a licitación da poxa aberta das obras de clave OU/05/003.06 e dúas máis.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Obras Públicas. Subdirección Xeral de Estradas.

2. Obxecto de cada contrato.

a) Descrición do obxecto: construción de beirarrúas na travesía de Vilar de Santos, OU-531.

Clave do expediente: OU/05/003.06.

Orzamento base de licitación: cento cincuenta e tres mil oitocentos dous euros con trinta e oito céntimos (153.802,38 euros).

Prazo de execución: 3 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 6, categoría d.

División por lotes e número: non hai.

b) Descrición do obxecto: construción de paseos peonís na travesía de Lampaza, Rairiz de Veiga.

Clave do expediente: OU/04/178.06.

Orzamento base de licitación: oitenta e nove mil setecentos oitenta e un euros con dezanove céntimos (89.781,19 euros).

Prazo de execución: 2 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 6, categoría d.

División por lotes e número: non hai.

c) Descrición do obxecto: mellora da intersección na PO-841 límite provincia-A Estrada p.k. 18+100.

Clave do expediente: PO/05/034.06.

Orzamento base de licitación: cento corenta e catro mil setecentos trinta e tres euros con trinta e dous céntimos (144.733,32 euros).

Prazo de execución: 3 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 6, categoría d.

División por lotes e número: non hai.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación: ordinaria, aberto e poxa.

4. Garantías.

Provisional: non se exige.

Definitiva: 4% do orzamento base de licitación.

5. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Dirección Xeral de Obras Públicas. Subdirección Xeral de Estradas.

b) Domicilio: edificios administrativos de San Caetano, s/n.

c) Localidade e código postal: 15781-Santiago de Compostela.

d) Teléfono: 981 54 49 86.

e) Telefax: 981 54 47 91.

Así mesmo, tamén se poderán obter os pregos de cláusulas administrativas particulares, relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.xunta.es/contratación/>.

E en *Copy Nino*, rúa Xeneral Pardiñas nº 2, teléfono 981 58 89 38.

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación, se é o caso: a exixida no punto 2 anterior.

7. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de admisión das proposicións rematará ás doce horas do vixésimo sexto día natural, que non coincida en domingo ou festivo, seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que hai que presentar: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda ou envialas por correo dentro do prazo de admisión sinalado conforme o disposto no artigo 80.4º do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, (ver parágrafo 3.1º.4 do prego de cláusulas administrativas particulares).

8. Apertura das ofertas: terá lugar ás 11.00 horas, do décimo día natural, que non coincida en sábado, domingo ou festivo, contado a partir do último día de presentación de proposicións, na sala de xuntas da Dirección Xeral de Obras Públicas, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

9. Outras informacións: a mesa de contratación comprobará en acto previo a documentación xeral (sobre nº A), segundo se especifica no punto 3.1º.6. constitución e funcionamento da mesa, do prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Gastos dos anuncios: por conta dos adxudicatarios: o importe estimado máximo DOG: por liña 9,95 euros.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2005.

P.D. (Orde 6-3-2003, DOG nº 50, do 12 de marzo)
José Antonio Fernández Vázquez
Secretario xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 12 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se anuncia o extravío dun título de técnica superior en hixiene bucodental.

Para efectos de expedición dun duplicado do título de técnica superior en hixiene bucodental, a favor de Pérez Paz, Lucía, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2005.

Alberto González Armesto
Director xeral de Centros e Ordenación Educativa

Resolución do 12 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se anuncia o extravío dun título de técnico especialista, rama administrativa e comercial, especialidade administrativa.

Para efectos de expedición dun duplicado do título de técnico especialista, rama administrativa e comercial, especialidade administrativa, a favor de Barreiro Chas, Ana Isabel, procédese ao anuncio do seu extravío.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2005.

Alberto González Armesto
Director xeral de Centros e Ordenación Educativa

Resolución do 10 de xuño de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso, de procedemento aberto e tramitación de urxencia, para a contratación da obra de construción dunha pista polideportiva e vestiarios no CEIP Galdín de Cervo (Lugo). Esta obra está cofinanciada pola Unión Europea con fondos procedentes do Feder.

1. Entidade adxudicadora.

1.1. Organismo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1.2. Dependencia que tramita: Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento.

2. Obxecto de cada contrato.

2.1. Descrición do obxecto: obra de construción dunha pista polideportiva e vestiarios no CEIP Galdín de Cervo (Lugo) (C.C. 27013961).

2.1.1. Lugar de execución: Cervo (Lugo).

2.1.2. Nº de expediente: SXCE 43/05/O).

2.1.3. Prazo de execución: 3 meses.

2.1.4. Orzamento base de licitación: 617.091 euros.

2.1.5. Clasificación: grupo: C, subgrupo: todos e categoría: F.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

3.1. Tramitación: urxente.

3.2. Procedemento: aberto.

3.3. Forma: concurso.

4. Garantía.

4.1. Provisional: ver prego.

5. Obtención da documentación e información.

5.1. Información.

5.1.1. Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (Información).

5.1.2. Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n e delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5.1.3. Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

5.2. Documentación.

5.2.1. Enderezo: praza de Mazarelos, 14 baixo. Santiago de Compostela (A Coruña).

5.2.2. Teléfono: 981 58 54 55.

5.2.3. Así mesmo, poderanse obter os pregos relativos a esta contratación nos seguintes enderezos da internet:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=5632>

6. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

6.1. Data límite de presentación: ás 14.00 horas do décimo terceiro día natural seguinte ao da publicación desta resolución neste diario. Se coincide en día inhábil trasladarase ao seguinte día hábil.

6.2. Documentación que hai que presentar: a sinalada no punto 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

6.3. Lugar de presentación:

6.3.1. Entidade: rexistro xeral. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

6.3.2. Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

6.3.3. Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

6.3.4. Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): ver prego.

6.3.5. Admisión de variantes (concurso): ver prego.

7. Apertura das ofertas.

7.1. Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (sala de xuntas).

7.2. Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

7.3. Localidade: Santiago de Compostela.

7.4. Data: o quinto día hábil contado desde o remate do prazo de presentación das proposicións.

7.5. Hora: a partir das 12.00 horas.

8. Gastos do anuncio: por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2005.

P.D. (Orde do 21 de xuño de 1996)

Néstor Valcárcel Teijeiro

Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/10-4).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.

Denominación: L.M.T.S., C.T. urbanización Loureiral II.

Situación: concello de Baiona.

Descricións técnicas: L.M.T. subterránea a 20 kV con condutor tipo R.H.V. de 137 m de lonxitude, con orixe no C.T. Loureiral I e remate na L.M.T. Baiona (GON8032164) unha vez que entre e saia do C.T. proxectado, de 400 kVA R.T. 20 kV/400-230 V, situado na urbanización O Loureiral de Baiona.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no capítulo II, título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co artigo 132 do Real decreto 1955/2000, será de doce meses, a partir da recepción desta resolución. Para efectos da posible solicitude de prórroga, o peticionario deberá ter en conta o disposto no capítulo IV do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo.

Contra esta resolución pódese interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación. Tamén se pode interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Pontevedra, 21 de abril de 2005.

Carmen Bianchi Valcarce
Delegada provincial de Pontevedra

Resolución do 21 de abril de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 05/12-4).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo, 204, 36207 Vigo.

Denominación: variante L.M.T., C.T. Cimadevila.

Situación: concello de Barro.

Descricións técnicas: L.M.T. aérea a 20 kV con condutor tipo LA-56 de 5 m de lonxitude, con orixe no apoio 50-14-A10 da L.M.T. TIB810 (Arcos) e remate no C.T. proxectado, de 100 kVA R.T. 20 kV/380-220 V, situado en Cimadevila, concello de Barro.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no capítulo II, título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

O prazo de posta en marcha da instalación, de acordo co artigo 132 do Real decreto 1955/2000, será de doce meses, a partir da recepción desta resolución. Para efectos da posible solicitude de prórroga, o peticionario deberá ter en conta o disposto no capítulo IV do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo.

-4 centros de transformación de 2.500 kVA de potencia nominal unitaria e relación de transformación 0,69/30 kV, instalados unitariamente en interior de torre de aerogenerador coa súa correspondente parafixación de seccionamento, manobra e protección.

-Liñas de media tensión subterráneas para evacuación de enerxía a 30 kV, de interconexión entre centros de transformación 0,69/30 kV e centro de control.

Afección a predios particulares:

* Superficie de protección eólica (S.P.E.): a superficie de protección eólica está afectada pola seguinte limitación de dominio: prohibición de situar obstáculos de altura superior a 12,80 m (construcións, arboredo, postes e outros) nuns raios de 53,25, 71 e 106,5 m, medidos desde o centro da torre, para pendentes fortes, medias e suaves respectivamente.

* Superficie de voo (S.V.): corresponde á área de servidume de voo das pas dos aerogeradores, quedando definida por un círculo de 36,5 m de raio en torno a cada aerogenerador.

* Superficie expropiada: corresponde á expropiación de pleno dominio dos terreos afectados.

* Servidume de paso: corresponde á superficie ocupada polos camiños e gabias que albergan os

cables soterrados, incluíndo os foxos, os noiros e desmontes, coas seguintes servidumes e limitacións de dominio permanentes:

-Dereito de libre paso ou acceso de persoal e equipos para a construción, montaxe, supervisión, vixilancia, conservación ou reparación das instalacións.

-Servidume de paso soterrado comprendendo a ocupación do subsolo polas liñas eléctricas soterradas aloxadas nas gabias. A devandita servidume será de 6 m, 3 a cada lado do eixo.

-Prohibición de efectuar remoción do terreo ou calquera tipo de obras ou actos que poidan danar ou prexudicar os camiños e instalacións.

O que se fai público para coñecemento xeral e dos propietarios dos predios e demais titulares afectados que non chegaron a un acordo coa entidade solicitante, e que figuran na relación que se insire como anexo deste anuncio, así como as persoas que sendo titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados fosen omitidos, para que poidan examinar o proxecto e presentar as obxeccións ou alegacións que consideren oportunas, nesta delegación provincial sita no edificio administrativo, Rolda da Muralla 70, 27071 Lugo, no prazo de 30 días hábiles, contados a partir da última publicación deste anuncio.

Así mesmo, o estudo ambiental correspondente ás instalacións do Parque Eólico Ribeiro poderase examinar nas dependencias da Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio de Lugo, Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente de Lugo e Concello de Ourense, podendo presentarse cantas alegacións se consideren pertinentes ante a Delegación Provincial de Lugo, dentro do mesmo prazo sinalado no parágrafo anterior. Finalizado o devandito prazo, o expediente, xunto coas alegacións recibidas, remitirase á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

É de facer constar que esta publicación se realizará igualmente para os efectos determinados polo artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando os interesados sexan descoñecidos, se ignore o lugar ou o medio de notificación, ou ben, intentada a notificación non se puidese realizar.

Lugo, 6 de xuño de 2005.

Jesús Bendaña Suárez
Delegado provincial de Lugo

Relación de bens afectados

P.E. do Ribeiro.
Concello: Ourense.

Nº pred. en plano	Nº pol.	Nº parc. catas.	Propietario	Domicilio	Superficie en ha (m²)							Clasific.	Lugar	
					Pleno dominio			Servidumes						
					Ciment.	Plataf.	Centro control	Vías	Voo	P. eól.	Gabias			Gabias compl. P.E. Orol
2	80	4	Hros. Manuel Pillo Fernández Rpte. Manuel Pillo Montesinos	Toxoso, nº 1 Ambosores 27865 Orol, Lugo						254,76	0,00		Monte baixo	Monte Taboada

Nº pred. en plano	Nº pol.	Nº parc. catas.	Propietario	Domicilio	Superficie en ha (m²)							Clasific.	Lugar	
					Pleno dominio			Servidumes						
					Ciment.	Plataf.	Centro control	Vías	Voo	P. eól.	Gabias			Gabias compl. P.E. Oúrol
3	80	4	Isabel Pajón Bouza	R/ Espiño, nº 127 Santa Cecilia 15407 Ferrol, A Coruña						4.820,88	0,00		Monte baixo	Monte Taboada
4	80	4	Hros. Antonio Otero Franco Rpte.: Constantino Otero Martínez	Ramos, nº 3 Loiba 15339 Ortigueira, A Coruña	399,74	1.054,62			2.691,44	4.672,72	0,00		Monte baixo	Monte Taboada
5	80	4	José Gómez Martínez	Toxeiras, nº 59 Landrove 27866 Viveiro, Lugo		450,43		457,54	41,49	1.975,85	0,00		Monte baixo	Monte Taboada
6	80	4	Hros. Antonio Albo Albo Rpte.: Ana María Albo Albo	R/ Orquidea, nº 1-1ª E 27004 Lugo				92,69			0,00		Monte baixo	Monte Taboada
7	80	4	Jesús Franco Rubal	R/ Espiño, nº 127, Santa Cecilia 15407 Ferrol, A Coruña				365,21			0,00		Monte baixo	Monte Taboada
8	80	4	Isabel Pajón Bouza	R/ Espiño, nº 127, Santa Cecilia 15407 Ferrol, A Coruña				739,82			0,00		Monte baixo	Monte Taboada
9	80	4	Isabel Pajón Bouza	R/ Espiño, nº 127, Santa Cecilia 15407 Ferrol, A Coruña				637,93			0,00		Monte baixo	Monte Taboada
10	80	4	Isabel Pajón Bouza	R/ Espiño, nº 127, Santa Cecilia 15407 Ferrol, A Coruña				681,86		19,17	0,00		Monte baixo	Monte Taboada
11	80	4	María Blanco Gómez	Avda. Ortigueira, nº 64 baixo 15320 As Pontes de G.R., A Coruña				348,68		1.208,25	0,00		Monte baixo	Monte Taboada
12	80	4	José Gómez Martínez	Toxeiras, nº 59 Landrove 27866 Viveiro, Lugo	392,27	771,61		5,01	1.891,20	2.340,93	10,24		Monte baixo	Monte Taboada
13	80	4	Hros. Antonio Albo Albo Rpte.: Ana María Albo Albo	R/ Orquidea, nº 1-1ª E 27004 Lugo						1.835,18	209,96		Monte baixo	Monte Taboada
14	80	4	Hros. Antonio Albo Albo Rpte.: Ana María Albo Albo	R/ Orquidea, nº 1-1ª E 27004 Lugo						770,50	147,58		Monte baixo	Monte Taboada
15	80	4	José Gómez Martínez	Toxeiras, nº 59, Landrove 27866 Viveiro, Lugo						3,63	180,16		Monte baixo	Monte Taboada
16	80	4	Jesús Franco Rubal	R/ Espiño, nº 127, Santa Cecilia 15407 Ferrol, A Coruña							399,97		Monte baixo	Monte Taboada
17	80	4	Hros. Antonio Albo Albo Rpte.: Ana María Albo Albo	R/ Orquidea, nº 1-1ª E 27004 Lugo							422,62		Monte baixo	Monte Taboada
18	80	4	José Ramón Vila Vázquez	Nogarido, nº 2 Merille 27866 Oúrol, Lugo							325,50		Monte baixo	Monte Taboada
19	80	4	José Luis Trigo Blanco	R/ Corba, nº 10 27860 Vicedo, Lugo							377,61		Monte baixo	Monte Taboada
20	80	4	Isabel Pajón Bouza	R/ Espiño, nº 127 Santa Cecilia 15407 Ferrol, A Coruña							369,64		Monte baixo	Monte Taboada
21	80	4	Hros. Antonio Otero Franco Rpte.: Constantino Otero Martínez	Ramos, nº 3 Loiba 15339 Ortigueira, A Coruña							314,89		Monte baixo	Monte Taboada
22	80	4	José Gómez Martínez	Toxeiras, nº 59 Landrove 27866 Viveiro, Lugo							293,47		Monte baixo	Monte Taboada
23	80	4	Isabel Pajón Bouza	R/ Espiño, 127, Santa Cecilia 15407 Ferrol							315,13		Monte baixo	Monte Taboada
24	80	4	José Gómez Martínez	Toxeiras, nº 59 Landrove 27866 Viveiro, Lugo							298,19		Monte baixo	Monte Taboada
25	80	4	Hros. Antonio Otero Franco Rpte.: Constantino Otero Martínez	Ramos, nº 3 Loiba 15339 Ortigueira, A Coruña							264,55		Monte baixo	Monte Taboada
26	80	4	Hros. Antonio Otero Franco Rpte.: Constantino Otero Martínez	Ramos, nº 3 Loiba 15339 Ortigueira, A Coruña							232,69		Monte baixo	Monte Taboada
27	80	4	Luis Doce Sierra	R/ Cobo, edf. El Puente, nº 1-3º 27890 San Cibrao de Cervo, Lugo							387,16		Monte baixo	Monte Taboada

Nº pred. en plano	Nº pol.	Nº parc. catas.	Propietario	Domicilio	Superficie en ha (m²)								Clasific.	Lugar
					Pleno dominio			Servidumes						
					Ciment.	Plataf.	Centro control	Vías	Voo	P. eol.	Gabias	Gabias compl. P.E. Ourol		
28	80	4	Luis Doce Sierra	R/ Cobo, edf. El Puente, nº 1-3º 27890 San Cibrao de Cervo, Lugo							720,70	326,40	Monte baixo	Monte Taboada
29	80	4	José Ramón Vila Vázquez	Nogarido, nº 2 Merille 27866 Ourol, Lugo							266,96	247,20	Monte baixo	Monte Taboada
67	81	25	Hros. Manuel Pillo Fernández Rpte.: Manuel Pillo Montesinos	Toxoso, nº 1 Ambosores 27865 Ourol, Lugo	336,15	103,01			2.117,04	6.403,76	0,00		Monte baixo	Chao das Airas
68	81	24	José Antonio Castro Sierra	Carcallosa s/n, Ambosores 27865 Ourol, Lugo						4.287,58	0,00		Monte baixo	Chao das Airas

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 14 de xuño de 2005 pola que se anuncia a contratación, polo sistema de concurso, procedemento aberto e trámite ordinario, das obras que se relacionan.

1. Entidade adxudicadora.

Organismo: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: 1. Reparación da pista a Trives (Chandrexa de Queixa-Ourense), X-5204. 2. Construción de camiños en Soutomanco-Bergueira (Trasalba) (Amoeiro-Lugo), X-7053. 3. Acondicionamento do camiño Os Prados-Requeixo (Coles-Ourense), X-7078. 4. Abastecemento e saneamento en Romariz (Riós-Ourense), X-7212. 5. Alargamento e pavimentación do camiño rural A Valenzá-Barbadás polas Quintas (Barbadás-Ourense), X-7713. 6. Afirmado do acceso aos servizos da mancomunidade (Beade-Ourense), X-7714. 7. Afirmado de camiños rurais da concentración parcelaria en Trasmiras (Trasmiras-Ourense), X-7715. 8. Afirmado de camiños rurais na zona de concentración parcelaria de Albarellos-Vilaza (Monterrei-Ourense), X-7738. 9. Afirmado de camiños rurais da concentración parcelaria en Porqueira, Sabucedo e Sobreganade (Porqueira-Ourense), X-7739. 10. Acondicionamento do camiño As Covas en Seadur (Larouco-Ourense), X-7740. 11. Acondicionamento da zona recreativa en Rioseco, fase 1ª (Paderne de Allariz-Ourense), X-7743. 12. Beirarrúas en Lobios-Riocaldo e acceso a Ludeiros (Lobios-Ourense), X-7752. 13. Mellora e apertura de camiños no concello de Muíños (Muíños-Ourense), X-7766. 14. Afirmado de camiños de concentración parcelaria en varias zonas do concello de Xinzo de Limia (Xinzo de Limia-Ourense), X-7767. 15. Rehabilitación do edificio para centro

de desenvolvemento rural (Xunqueira de Espadanedo-Ourense), X-7768. 16. Alargamento e mellora do acceso a Pazos de Arenteiro (Boborás-Ourense), X-7712. 17. Mellora dos accesos nas parroquias de Vilarino de Lama Má e Vide (Baños de Molgas-Ourense), X-7742. 18. Mellora da capa de rodadura de camiños rurais no concello (O Pereiro de Aguiar-Ourense), X-7753. 19. Alargamento e afirmado de camiños no Irixo (O Irixo-Ourense), X-7755. 20. Beirarrúas en Maceda (Maceda-Ourense), X-7799. 21. Ampliación e mellora do saneamento e abastecemento en zona rural á parroquia de Palmés (Ourense), X-7832. 22. Saneamento na parroquia de Armental (A Peroxa-Ourense), X-7835. 23. Saneamento e pavimentación en Costa da Rúa e Navallo (Laza-Ourense), X-7854.

b) Número: 23 obras.

c) Lugar de execución: o que se especifica no prego de cláusulas administrativas.

d) Prazo de execución: o que se especifica no prego de cláusulas administrativas.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación.

Obra	Orzamento €	Ano 2005 €	Ano 2006 €	Ano 2004 €
1. Reparación da pista a Trives (Chandrexa de Queixa-Ourense), X-5204	157.890,15	15.789,02	47.367,05	94.734,08
2. Construción de camiños en Soutomanco-Bergueira (Trasalba) (Amoeiro-Lugo), X-7053	158.887,52	15.888,75	47.666,26	95.332,51
3. Acondicionamento do camiño Os Prados-Requeixo (Coles-Ourense), X-7078	108.281,75	10.828,18	32.484,53	64.969,04
4. Abastecemento e saneamento en Romariz (Riós-Ourense), X-7212	267.118,29	26.711,83	80.135,49	160.270,97
5. Alargamento e pavimentación do camiño rural A Valenzá-Barbadás polas Quintas (Barbadás-Ourense), X-7713	166.000,00	16.600,00	49.800,00	99.600,00

Obra	Orzamento €	Ano 2005 €	Ano 2006 €	Ano 2004 €
6. Afirmado do acceso aos servizos da mancomunidade (Beade-Ourense), X-7714	134.986,53	13.498,65	40.495,96	80.991,92
7. Afirmado de camiños rurais da concentración parcelaria en Trasmiras (Trasmiras-Ourense), X-7715	149.100,00	14.910,00	44.730,00	89.460,00
8. Afirmado de camiños rurais na zona de concentración parcelaria de Albarellos-Vilaza (Monterrei-Ourense), X-7738	153.000,00	15.300,00	45.900,00	91.800,00
9. Afirmado de camiños rurais da concentración parcelaria en Porqueira, Sabucedo e Sobreganade (Porqueira-Ourense), X-7739	142.150,00	14.215,00	42.645,00	85.290,00
10. Acondicionamento do camiño As Covas en Seadur (Larouco-Ourense), X-7740	132.725,32	13.272,53	39.817,60	79.635,19
11. Acondicionamento da zona recreativa en Rioseco, fase 1ª (Paderne de Allariz-Ourense), X-7743	139.196,00	13.919,60	41.758,80	83.517,60
12. Beirarrías en Lobios-Riocaldo e acceso a Ludeiros (Lobios-Ourense), X-7752	158.100,00	15.810,00	47.430,00	94.860,00
13. Mellora e apertura de camiños no concello de Muíños (Muíños-Ourense), X-7766	149.928,61	14.992,86	44.978,58	89.957,17
14. Afirmado de camiños de concentración parcelaria en varias zonas do concello de Xínzo de Limia (Xínzo de Limia-Ourense), X-7767	187.000,00	18.700,00	56.100,00	112.200,00
15. Rehabilitación do edificio para centro de desenvolvemento rural (Xunqueira de Espadanedo-Ourense), X-7768	136.000,00	13.600,00	40.800,00	81.600,00
16. Alargamento e mellora do acceso a Pazos de Arenteiro (Boborás-Ourense), X-7712	164.110,00	16.411,00	65.644,00	82.055,00
17. Mellora dos accesos nas parroquias de Vilariño de Lama Má e Vide (Baños de Molgas-Ourense), X-7742	159.500,00	15.950,00	63.800,00	79.750,00
18. Mellora da capa de rodadura de camiños rurais no concello (O Pereiro de Aguiar-Ourense), X-7753	162.999,99	16.300,00	65.200,00	81.499,99
19. Alargamento e afirmado de camiños no Irixo (O Irixo-Ourense), X-7755	160.376,25	16.037,63	64.150,50	80.188,12
20. Beirarrías en Maceda (Maceda-Ourense), X-7799	153.000,00	15.300,00	61.200,00	76.500,00
21. Ampliación e mellora do saneamento e abastecemento en zona rural á parroquia de Palmés (Ourense), X-7832	209.843,88	20.984,39	83.937,55	104.921,94
22. Saneamento na parroquia de Armental (A Peroxa-Ourense), X-7835	152.220,00	15.222,00	60.888,00	76.110,00
23. Saneamento e pavimentación en Costa da Rúa e Navallo (Laza-Ourense), X-7854	155.999,99	15.600,00	62.400,00	77.999,99

5. Garantías.

Provisional: o 2% do orzamento de licitación de cada obra.

Definitiva: o 4% do orzamento de adxudicación de cada obra.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

b) Domicilio: edificio administrativo, San Caetano.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15771.

d) Teléfono: 981 54 57 55.

e) Telefax: 981 54 57 53.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata a data límite de presentación das ofertas, todos os días laborables, excepto sábados, desde as 9.00 ás 14.00 horas.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación a través da internet no enderezo: <http://www.xunta.es/contratacion>

7. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación das ofertas empezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o día 19 de xullo, ás 14.00 horas.

b) Documentación que hai que presentar: a indicada no prego de cláusulas administrativas particulares. No caso de participar na licitación de máis dunha obra só se presentará un sobre A, de documentación xeral, con todas as garantías provisionais, e presentaranse tantos sobres B, de proposición económica, como obras se licite.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural (edificios administrativos de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) ou ben por correo dentro do prazo de admisión sinalado, conforme o disposto no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

d) Prazo no que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: tres (3) meses, contados desde a data de apertura das proposicións.

8. Posibilidade de variantes.

Non se admiten variantes nin redución do prazo de execución.

9. Clasificación.

1. Reparación da pista a Trives (Chandrea de Queixa-Ourense), X-5204	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
2. Construción de camiños en Soutomanco-Bergueira (Trasalba) (Amoeiro-Lugo), X-7053	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
3. Acondicionamento do camiño Os Prados-Requeixo (Coles-Ourense), X-7078	Non procede
4. Abastecemento e saneamento en Romariz (Riós-Ourense), X-7212	Grupo E, subgrupo 1, categoría C
5. Alargamento e pavimentación do camiño rural A Valenzá-Barbadás polas Quintas (Barbadás-Ourense), X-7713	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
6. Afirmado do acceso aos servizos da mancomunidade (Beade-Ourense), X-7714	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
7. Afirmado de camiños rurais da concentración parcelaria en Trasmiras (Trasmiras-Ourense), X-7715	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
8. Afirmado de camiños rurais na zona de concentración parcelaria de Albarellos-Vilaza (Monterrei-Ourense), X-7738	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
9. Afirmado de camiños rurais da concentración parcelaria en Porqueira, Sabucedo e Sobreganade (Porqueira-Ourense), X-7739	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
10. Acondicionamento do camiño As Covas en Seadur (Larouco-Ourense), X-7740	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
11. Acondicionamento da zona recreativa en Rioseco, fase 1ª (Paderne de Allariz-Ourense), X-7743	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
12. Beirarrías en Lobios-Riocaldo e acceso a Ludeiros (Lobios-Ourense), X-7752	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
13. Mellora e apertura de camiños no concello de Muíños (Muíños-Ourense), X-7766	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
14. Afirmado de camiños de concentración parcelaria en varias zonas do concello de Xínzo de Limia (Xínzo de Limia-Ourense), X-7767	Grupo G, subgrupo 6, categoría B

15. Rehabilitación do edificio para centro de desenvolvemento rural (Xunqueira de Espadanedo-Ourense), X-7768	Grupo C, subgrupo 2, categoría B
16. Alargamento e mellora do acceso a Pazos de Arenteiro (Boborás-Ourense), X-7712	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
17. Mellora dos accesos nas parroquias de Vilarinho de Lama Má e Vide (Baños de Molgas-Ourense), X-7742	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
18. Mellora da capa de rodadura de camiños rurais no concello (O Pereiro de Aguiar-Ourense), X-7753	Grupo G, subgrupo 4, categoría B
19. Alargamento e afirmado de camiños no Irixo (O Irixo-Ourense), X-7755	Grupo G, subgrupo 6, categoría B
20. Beirarrúas en Maceda (Maceda-Ourense), X-7799	Grupo E, subgrupo 1, categoría B
21. Ampliación e mellora do saneamento e abastecemento en zona rural á parroquia de Palmés (Ourense), X-7832	Grupo E, subgrupo 1, categoría B
22. Saneamento na parroquia de Armental (A Peroxa-Ourense), X-7835	Grupo E, subgrupo 1, categoría B
23. Saneamento e pavimentación en Costa da Rúa e Navallo (Laza-Ourense), X-7854	Grupo E, subgrupo 1, categoría B

10. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Sala de Xuntas da Secretaría Xeral da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

b) Domicilio: edificios administrativos San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela, 15771.

d) Data: terá lugar, en acto público na sala de xuntas da consellería, o día 29 de xullo.

e) Hora: 12.00 horas.

11. Gastos de anuncios.

O importe do anuncio será por conta dos adxudicatarios.

12. Proxecto cofinanciado con fondos FEOGA-O dentro do programa operativo integrado Galicia 2000-2006 (2000.ES.16.1.PO.011), excepto a nº 20 que se financia con fondos propios.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2005.

P.D. (Orde 14-9-2004)

José Antonio Álvarez Vidal

Secretario xeral da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Resolución do 9 de xuño de 2005 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto por concurso e trámite urxente, da obra de actuacións no edificio medieval do conxunto monumental da colexiata de Xunqueira de Ambía. Segunda fase. Xunqueira de Ambía (Ourense).

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, unha vez cumpridos os trámites adminis-

trativos correspondentes, resolveu anunciar o concurso que a seguir se cita:

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo de contrato: obras.

b) Descrición do obxecto: actuacións no edificio medieval do conxunto monumental da colexiata de Xunqueira de Ambía. 2ª fase. Xunqueira de Ambía (Ourense).

c) Prazo de execución: catro (4) meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adxudicación: concurso público.

4. Orzamento base de licitación:

Importe total: cento trinta e seis mil douscentos cincuenta euros con corenta e tres céntimos (136.250,43 euros), IVE incluído.

5. Garantías:

a) Provisional: non se exige.

b) Definitiva: 4% do importe de adxudicación.

6. Obtención de documentación e información: o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto de obras poderán ser examinados no Servizo de Obras e Contratación (teléfono: 981 54 48 23) da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e nas delegacións provinciais durante o prazo de presentación de proposicións, desde as 9.00 ás 14.00 horas, e solicitarse no teléfono: 981 58 89 38.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N= 5628>.

7. Requisitos específicos do contratista:

Clasificación do contratista: grupo K, subgrupo 7, categoría d.

8. Presentación de ofertas:

a) Data límite de presentación: antes das 14.00 horas do décimo terceiro día natural a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que hai que presentar: a exixida na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación de proposicións: efectuarase no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, e nas súas delegacións provinciais en sobres pechados en horario das 9.00 ás 14.00 horas, agás no caso de presentar a proposición en sábado que deberá dirixirse aos rexistros que a Consellería de Presidencia e Administración Pública ten tanto nos servizos centrais como nas súas delegacións provinciais. Se as proposicións se cursan por correo deberá aterse ao previsto na cláusula 6.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Admisión de variantes: non se admiten.

9. Apertura das proposicións:

a) Entidade: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (sala de xuntas), San Caetano s/n, Santiago de Compostela.

b) Data e hora: a partir das 11.00 horas do oitavo día natural seguinte ao do remate do prazo de admisión de proposicións. No caso de que coincida en sábado ou festivo, a apertura realizarase o día hábil seguinte.

10. Gastos do anuncio: por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 9 de xuño do 2005.

P.D. (Orde do 15-12-1997)

Andrés González Murga

Secretario xeral da Consellería de Cultura,
Comunicación Social e Turismo

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Resolución do 25 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se anuncia a licitación, por concurso aberto, dun contrato de obras de construción dun edificio para a lonxa de Lira (Carnota) cofinanciado con fondos IFOP.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro. Subdirección Xeral de Xestión e Investigación Mariña.

c) Número de expediente: 180. Referencia: 2005-12-371.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: construción dun edificio para a lonxa de Lira (Carnota) cofinanciado con fondos IFOP.

b) División por lotes e número: non hai lotes.

c) Lugar de execución: Lira (Carnota).

d) Prazo de execución: doce meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación. Importe total: 510.860,30 euros.

-Anualidade de 2005: 328.320,81 euros.

-Anualidade de 2006: 182.539,49 euros.

5. Garantía provisional: non (ver pregos).

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro. Subdirección Xeral de Xestión e Investigación Mariña.

b) Enderezo: rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela-15781.

d) Teléfono: 981 54 61 52.

e) Fax: 981 54 61 38.

f) Copystería *Copy Nino*. Rúa Xeneral Pardiñas, 2-Santiago de Compostela. Teléfono: 981 58 89 38.

g) Data límite de obtención de documentos e información: coincide coa data límite de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: grupo: C, subgrupos: 2, categoría: d.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: segundo o cadro de características.

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación de proposicións rematará ás catorce horas do vixésimo sexto día natural seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, o prazo rematará ás catorce horas do primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

-Entidade: rexistro xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

-Enderezo: edificio administrativo San Caetano.

-Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

No caso de enviar a proposición por correo, deberá xustificarse a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, telegrama ou télex no mesmo día.

d) Prazo durante o que o licitador se obriga a manter a súa oferta: 3 meses.

e) Admisión de variantes: non se admiten variantes.

9. Apertura de ofertas.

a) Entidade: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

b) Enderezo: edificio administrativo San Caetano.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) Data: o oitavo día natural contado a partir do seguinte ao de remate do prazo de presentación de proposicións. Se ese día coincidise en sábado ou festivo, a mesa reunirase o primeiro día hábil seguinte á mesma hora.

e) Hora: 10.00.

10. Os gastos de publicación dos distintos anuncios serán por conta dos adxudicatarios.

11. Páxina web onde se poden obter os pregos:
<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=5544>

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2005.

Rosa M^a Quintana Carballo

Directora xeral de Innovación e Desenvolvemento
Pesqueiro

Cédula do 3 de xuño de 2005, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESAN1 2004/000851-1 e dúas máis).

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaselles ás persoas que a continuación se relacionan, as resolucións dos expedientes instruídos por infracción da Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros (DOG nº 99, do 27 de maio).

Os interesados dispoñen dun prazo de dez días, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para examinar o expediente e interpoñer, dentro do prazo que en cada caso se estableza, o recurso pertinente.

Os expedientes relacionados de seguido atópanse á disposición dos interesados na citada Delegación Territorial da Coruña, Ramón y Cajal s/n 5ª planta.

Nº de expediente: PESAN1 2004/000851-1.

Denunciado: José María Regueira Freire.

DNI: 32793828-Z.

Enderezo: Alc. Manuel Platas Varela, 117-1º esq., Vilarrodis, Arteixo.

Precepto infrinxido: 6.7º.

Sanción: 210,35 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2004/000857-1.

Denunciado: Juan José Domínguez García.

DNI: 32449409-C.

Enderezo: avda. Vilaboa, 197-B A Corveira, Culleredo.

Precepto infrinxido: 7.2º.

Sanción: 6.010,13 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2004/000978-1.

Denunciado: Rafael Díaz Trigo.

DNI: 32802671-W.

Enderezo: avda. Salvador Allende, 7-3º D, Culleredo.

Precepto infrinxido: 7.2º.

Sanción: 6.010,13 euros.

De conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 (DOG nº 235, do 5 de decembro), os importes das devanditas sancións deberán ser aboados nos prazos que establece o Regulamento xeral de recadación, ou do contrario procederase, sen máis trámite, ao seu cobramento pola vía de constrinximento regulamentaria. Para o pagamento en período voluntario os interesados deberán recoller na antedita delegación territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o documento de ingreso correspondente.

A Coruña, 3 de xuño de 2005.

P.A. (Decreto 125/2002, do 4 de abril, DOG nº 73)

Sergio Peñamaría Ramón

Secretario territorial da Coruña

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Resolución do 5 de maio de 2005, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se notifica a resolución de imposición de sanción relativa aos expedientes sancionadores en materia de espectáculos públicos OU-E-188; 219; 221/2004.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle ás persoas que se relacionan a continuación, as resolucións recaídas nos expedientes sancionadores por infracción á Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá, por non ser posible a súa notificación por correo certificado.

Número de expediente: OU-E-188; 219; 221/2004.

Denunciado: Daniel Andrade Fonseca.

DNI: X-01243201-M.

Enderezo: rúa San Félix nº 3, Verín.

Establecemento: Mama Luna, rúa San Félix nº 3, Verín (Ourense).

Precepto infrinxido: artigo 23 o) da Lei 1/1992, do 21 de febreiro, na nova redacción dada por Lei 4/1997.

Importe da sanción: 800 euros e suspensión de licenza de apertura polo período de oito días.

O importe das sancións farase efectivo en calquera entidade bancaria, na conta restrinxida de recadación de multas e sancións en *Caixanova* Recadación

Xunta modelo XTAX, ou Cta. Contable 840 Código 001 de *Caixa Galicia*, no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte no que esta resolución sexa executiva. Para efectuar o ingreso deberá empregar os impresos normalizados que lle serán facilitados na oficina desta delegación provincial, sita en rúa Progreso nº 161-entresollado de Ourense.

Transcorrido o citado prazo será cobrado pola vía administrativa de constrinximento, de conformidade co disposto na disposición 2ª da orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 (DOG do 5 de decembro).

Non obstante o anterior, e de conformidade co disposto no artigo 114 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, contra esta resolución que non esgota a vía administrativa, cabe formular recurso de alzada perante o conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta notificación.

Transcorrido o prazo de interposición do recurso, sen que este se presente, esta resolución será firme para todo os efectos regulamentarios.

Ourense, 5 de maio de 2005.

Marisol Díaz Mouteira
Delegada provincial de Ourense

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Resolución do 7 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se somete o proxecto de construción e explotación dunha planta para a recollida e reciclaxe de plásticos agrícolas no concello de Guntín (Lugo) a información pública e audiencia aos interesados.

Segundo establece o artigo 229.2º do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, antes da aprobación definitiva do proxecto de concesión da construción e explotación de obras públicas, someterase a información pública e audiencia aos interesados,

RESOLVO:

1º Someter o proxecto de construción e explotación dunha planta para a recollida e reciclaxe de plásticos agrícolas no concello de Guntín (Lugo) a información pública e audiencia aos interesados.

2º Para os mencionados efectos administrativos, porase á disposición dos administrados o proxecto nas seguintes dependencias:

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, sita na rúa de San Lázaro s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

3º As alegacións formularanse durante o prazo dun mes que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2005.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 8 de xuño de 2005, da Secretaría Xeral da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, pola que se anuncia concurso, polo procedemento aberto e tramitación urxente, para a contratación dun servizo de retirada de material das oficinas de emprego, clasificación, almacenaxe e dispoñibilidade do material polo Servizo Público de Emprego. (Expediente 12/2005).

1. Entidade adxudicadora: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Secretaría Xeral.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: servizo de retirada de material das oficinas de emprego, clasificación, almacenaxe e dispoñibilidade do material polo Servizo Público de Emprego.

b) División por lotes e número:

c) Lugar de execución: Galicia.

d) Prazo de execución ou data límite de entrega: 12 meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación: urxente, aberto e concurso.

4. Orzamento base de licitación: cento dezaioito mil oitocentos sesenta euros (118.860 euros) (IVE incluído).

5. Garantía provisional: non se exige.

6. Obtención de documentación e información: Secretaría Xeral da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Edificio Administrativo San Lázaro s/n, Santiago de Compostela. Teléfono: 981 54 01 03/54 01 13, Fax: 981 54 01 18. www.xunta.es/contratacion

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: grupo, subgrupo, categoría.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: ás 14.00 horas do oitavo día natural contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que hai que presentar: a sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais ou nos rexistros de calquera das delegacións provinciais desta mesma consellería.

Se o día en que remata o prazo de presentación de proposicións coincidise en sábado poderase entregar a documentación no rexistro xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (edificio administrativo San Caetano-Santiago de Compostela), ou nos rexistros das delegacións provinciais da mesma consellería.

d) Admisión de variantes:

9. Apertura de ofertas: terá lugar na sala de xuntas da consellería situada no enderezo indicado no punto 6 ás 9.30 horas do oitavo día natural, contado desde o día seguinte ao de remate do prazo de presentación de proposicións.

10. Gastos dos anuncios: 9,95 euros por liña publicada no DOG.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2005.

M^a Mar Pousa Cobas

Secretaria xeral da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

Cédula do 6 de maio de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se notifica resolución do expediente sancionador incoado por infracción administrativa na orde social (37/2005).

Intentada a notificación persoal e devolta polo servizo de correos ao resultar imposible a súa práctica, de conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, pola presente cédula notifícaselles ás empresas que se relacionan, as resolucións ditadas nos expedientes sancionadores correspondentes.

Empresa: M. Mercedes Vila Cuervo.

Domicilio e localidade: Avda. García Barbón, 112-1º D, Vigo.

Número expediente: 37/05 1439/04 (AI).

Data resolución delegación provincial: 7-4-2005.
Preceptos infrinxidos: artigo 50 do Real decreto lexislativo: 5/2000, do 4.08, artigo 12 do Conv. 81 da OIT do 11.7.47 e artigos 11.8º 3 e 5.3º Lei 42/1997, do 14 de novembro.

Preceptos sancionadores: artigos 39.3º f) 40 e 50.2º do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Resolución: multa de 1.502,53 €.

Fáiselles saber aos interesados que poden formular recurso de alzada perante o director xeral de Relacións Laborais, no prazo dun mes, contado desde o seguinte día da súa publicación, de acordo co previsto no artigo 114 e seguinte da Lei 30/1992, do 26 de novembro; advérteselle que, de non interpoñelo no tempo e na forma que procedan, deberá aboar a multa imposta mediante a necesaria utilización do impreso que poderán solicitar na Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Pontevedra, no número de conta e na entidade bancaria que nel se sinala, dentro do prazo de 30 días hábiles contados desde o día seguinte á data de notificación da resolución, xa que, noutro caso, incoarase o procedemento pola vía de constrinximento ante a delegación de Facenda correspondente.

Vigo, 6 de maio de 2005.

Joaquín Macías Sánchez
Delegado provincial de Pontevedra

Cédula do 6 de maio de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai pública a iniciación do dereito de audiencia nos expedientes sancionadores na orde social (134/2005 e dous máis).

Non sendo atopados no enderezo coñecido por esta delegación provincial os titulares das empresas que se indican a seguir, resolvo notificar por este medio, ao abeiro do artigo 59.5º da Lei 30/1992, que se inicia o prazo de dez días, a partir do día seguinte á súa publicación no DOG, durante o cal poderán exercer o dereito de audiencia do expediente, previo á resolución, na Delegación Provincial de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Pontevedra, todo isto ao abeiro do establecido no artigo 18.2º do Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

Expediente nº: 134/2005.

Acta nº: 143/2005.

Empresa: *Super Rial Veiga, S.L.*

DNI/NIF: B-6864809.

Enderezo: avda. Val Miñor, 8, Nigrán.

Materia: seguridade e hixiene.

Proposta de sanción: 1.502,54 €.

Documentos que constan no expediente:

-Acta de infracción.

-Xustificante da notificación.

Expediente nº: 257/2005.

Acta nº: 215/2005.

Empresa: José Núñez Miranda.

DNI/NIF: 76842041-F.

Enderezo: Julio Camba, 9, Vilagarcía de Arousa.

Materia: seguridade e hixiene.

Proposta de sanción: 7.512,67 €.

Documentos que constan no expediente:

-Acta de infracción.

-Xustificante da notificación.

Expediente nº: 258/2005.

Acta nº: 217/2005.

Empresa: *El Sereno de Carral, S.L.*

DNI/NIF: B-36853927.

Enderezo: Carral, 5 baixo, Vigo.

Materia: obstrución.

Proposta de sanción: 1.502,53 €.

Documentos que constan no expediente:

-Acta de infracción.

-Xustificante da notificación.

Vigo, 6 de maio de 2005.

Joaquín Macías Sánchez
Delegado provincial de Pontevedra

AUGAS DE GALICIA

Resolución do 24 de maio de 2005 pola que se ordena a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 6 de maio de 2005, polo que se aproba o proxecto sectorial refundido do aproveitamento hidroeléctrico no río Xestosa, no concello de Ourel (Lugo), promovido por Hidroeléctrica de Ourel, S.L.

En cumprimento do disposto no artigo 25.4º da Lei 10/1995, do 13 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e o artigo 13.5º do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, este organismo autónomo dispón que se publique no DOG o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 6 de maio de 2005, do cal de seguido se reproduce a súa parte dispositiva de xeito literal:

«Aprobar o proxecto sectorial denominado Proxecto sectorial refundido do aproveitamento hidroeléctrico do río Xestosa, de outubro de 2003, no concello de Ourel, provincia de Lugo, promovido pola sociedade *Hidroeléctrica de Ourel, S.L.*

As determinacións contidas no proxecto teñen forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares, e prevalecen sobre as determinacións do planeamento urbanístico, conforme establece o artigo 11 punto 1º do Decreto 80/2000.

De conformidade co artigo 24 da Lei 10/1995 e do 11 punto 2º do Decreto 80/2000, o concello deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto sectorial. A devandita adaptación realizarase nos prazos que determina o proxecto».

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2005.

P.D. (Resolución 9-4-2003, DOG do 16 de abril)

Emilio García Gallego
Director xeral do organismo autónomo
Augas de Galicia

EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS

Resolución do 18 de maio de 2005 pola que se fai pública a adxudicación dos contratos administrativos que se citan cofinanciados con fondos da Unión Europea.

O presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 9 do Decreto 125/1996, do 7 de marzo, polo que se aproban os estatutos do dito ente, resolveu adxudicar as seguintes licitacións públicas:

a) Obras.

Entidade adxudicadora: Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

Tipo de contrato: administrativo.

Tramitación: ordinaria da licitación e anticipada do gasto.

Procedemento: aberto.

Forma: concurso.

1. Título: dotación de servizos de abastecemento. Abastecemento de auga a parroquias del municipio de Pol (1ª fase). Pol (Lugo).

Clave: OH.227.405.

Data de licitación: DOG nº 251, do 28 de decembro de 2004.

Orzamento base de licitación: 555.000 euros.

Adxudicatario: *Obras y Construcciones Cortizo, S.L.*

Nacionalidade: española.

Orzamento de adxudicación: 436.785 euros.

Data de adxudicación: 12 de abril de 2005.

2. Título: outras actuacións. Acondicionamento de marxes fluviais. Ordenación hidráulica e saneamento en Alongos. Toén (Ourense).

Clave: OH.432.454.

Data de licitación: DOG nº 253, do 30 de decembro de 2004.

Orzamento base de licitación: 574.447,97 euros.

Adxudicatario: *Misturas Obras e Proxectos, S.A.*

Nacionalidade: española.

Orzamento de adxudicación: 511.488 euros.

Data de adxudicación: 9 de maio de 2005.

3. Título: outras actuacións. Acondicionamento de marxes fluviais. Actuacións de limpeza de marxes e mellora da accesibilidade entre ambas as marxes do río Baleo. Ortigueira (A Coruña).

Clave: OH.415.640.

Data de licitación: DOG nº 253, do 30 de decembro de 2004.

Orzamento base de licitación: 210.595,02 euros.

Adxudicatario: *Proyecon Galicia, S.A.*

Nacionalidade: española.

Orzamento de adxudicación: 189.000 euros.

Data de adxudicación: 6 de abril de 2005.

4. Título: acondicionamento do río Madalena. Vilalba. Paseo fluvial do río Madalena, prolongación ata a Ponte dos Freires e escola de pesca. Vilalba (Lugo).

Clave: OH.427.407.

Data de licitación: DOG nº 253, do 30 de decembro de 2004.

Orzamento base de licitación: 315.734,92 euros.

Adxudicatario: *Misturas Obras e Proxectos, S.A.*

Nacionalidade: española.

Orzamento de adxudicación: 268.469 euros.

Data de adxudicación: 6 de abril de 2005.

b) Cofinanciación da Unión Europea.

As adxudicacións referidas na epígrafe a) anterior están cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) da Unión Europea na porcentaxe que a continuación se relaciona:

-A obra co número 1: nun setenta por cento (70%).

-As obras cos números 2 ao 4: nun setenta e cinco por cento (75%).

Estas actuacións cofinanciadas polos fondos europeos contribúen a reducir as disparidades sociais e económicas dentro da Unión.

c) Outras informacións.

En cumprimento do previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícase esta resolución, advertíndose que pon fin á vía administrativa, e é susceptible de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous (2) meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta, de acordo co artigo 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Porén, o interesado poderá optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2005.

Emilio García Gallego

Presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos

ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

Resolución do 9 de xuño de 2005 pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto e adxudicación por concurso, tramitación urxente, das obras que se citan. (Expediente CO-12-42-05-01 e catro máis).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Ente Público Portos de Galicia.

b) Dependencia que tramita o expediente: Área de Proxectos e Obras.

2. Obxecto do contrato.

A) Descrición do obxecto: remodelación das instalacións portuarias en Testal. Noia.

-Clave do expediente: CO-12-42-05-01.

-Lugar de execución: Testal. Noia (A Coruña).

-Orzamento base de licitación: un millón seiscientos sesenta e un mil catrocentos trece euros con sesenta e cinco céntimos de euro (1.661.413,65 €).

-Prazo de execución: dezaioito (18) meses.

-Clasificación: F-7-e.

-División por lotes: non hai.

B) Descrición do obxecto: acondicionamento do bordo portuario da Pobra do Caramiñal.

-Clave do expediente: CO-12-50-05-01.

-Lugar de execución: A Pobra do Caramiñal (A Coruña).

-Orzamento base de licitación: cincocentos noventa e oito mil seiscientos sesenta e sete euros con vinte céntimos de euro (598.667,20 €).

-Prazo de execución: seis (6) meses.

-Clasificación: F-7-e.

-División por lotes: non hai.

C) Descrición do obxecto: zona de varada no porto de Celeiro.

-Clave do expediente: LU-14-07-05-01.

-Lugar de execución: Celeiro. Viveiro (Lugo).

-Orzamento base de licitación: cincocentos noventa e un mil catrocentos cincuenta e seis euros con sesenta e oito céntimos de euro (591.456,68 €).

-Prazo de execución: oito (8) meses.

-Clasificación: F-2-e.

-División por lotes: non hai.

D) Descrición do obxecto: departamentos para usuarios en Camariñas.

-Clave do expediente: CO-12-28-05-02.

-Lugar de execución: Camariñas (A Coruña).

-Orzamento base de licitación: seiscientos trinta e catro mil oitocentos oitenta e nove euros con trinta e sete céntimos de euro (634.889,37 €).

-Prazo de execución: dez (10) meses.

-Clasificación: C-d.

-División por lotes: non hai.

E) Descrición do obxecto: ampliación de atracada e rampla de varada en Muros.

-Clave do expediente: CO-12-38-05-01.

-Lugar de execución: Muros (A Coruña).

-Orzamento base de licitación: dous millóns seiscientos oitenta e dous mil vinte e sete euros con sesenta e dous céntimos de euro (2.682.027,62 €).

-Prazo de execución: dezaioito (18) meses.

-Clasificación: F-3-e.

-División por lotes: non hai.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: urgente.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma: concurso.

4. Garantías.

- a) Provisionais: non se exigen.
- b) Definitivas: 4% do orzamento de adxudicación.

5. Obtención de documentación e información.

-Entidade: Ente Público Portos de Galicia.

-Enderezo: praza de Europa, nº 10, 4º

-Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15707.

-Teléfono: 981 54 53 05/981 54 53 22.

-Telefax: 981 54 72 16/981 54 53 24.

b) E en *Copy Nino*; rúa Xeral Pardiñas, 2, Santiago de Compostela. Teléfono: 981 58 89 38.

c) E en *Copy Estudio*; rúa Nova de Abaixo, 19-20 (galerías), Santiago de Compostela. Teléfono: 981 59 33 85.

d) Enderezo na internet:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=5632>

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=5637>

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=5638>

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=5639>

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=5640>

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación, se é o caso: a exixida para cada contrato no punto 2 anterior.

b) Outros requisitos: non se exigen.

7. Presentación de ofertas e das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación de proposicións rematará ás doce horas do décimo terceiro (13º) día natural seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo o prazo de admisión das proposicións rematará ás doce horas do día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: segundo o indicado na cláusula 3.7 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar da presentación:

-Entidade: as proposicións presentaranse, en tres sobres pechados, no rexistro do Ente Público Portos de Galicia.

-Enderezo: praza de Europa, 5-A, 6º.

-Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15707.

d) Prazo durante o que o licitador se obriga a manter a súa oferta: 3 meses desde a apertura das proposicións.

e) Admisión de variantes: admítense variantes.

8. Apertura de ofertas.

a) Entidade: sala de xuntas do Ente Público Portos de Galicia.

b) Enderezo: praza de Europa, nº 10, 4º (Área Central).

c) Localidade: Santiago de Compostela, 15707.

d) Data: o décimo (10º) día natural seguinte ao do remate do prazo de presentación de ofertas. No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo, a apertura realizarase o día hábil seguinte.

e) Hora: 9.00 horas.

9. Outras informacións: a mesa de contratación comprobará en acto previo a documentación do sobre A e publicará no taboleiro de anuncios dos servizos centrais de Portos de Galicia o resultado da apertura, para que se emenden, se fose o caso e dentro do prazo que se indique, os defectos materiais observados na dita documentación.

10. Gastos dos anuncios: este anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2005

P.D. (Orde 13-5-2005)

Valeriano Martínez García

Presidente do Ente Público Portos de Galicia

Cédula do 10 de xuño de 2005 pola que se somete a información pública a proposta de actuación para a construción e explotación dunhas instalacións náutico-deportivas e ordenación da área portuaria de Cambados.

Portos de Galicia ten previsto convocar un concurso para o outorgamento dunha concesión de ocupación de dominio público portuario con destino á construción e explotación dunhas instalacións náutico-deportivas e ordenación da área portuaria do porto de Cambados, tendo elaborado este ente público unha proposta de actuación.

Dado que Portos de Galicia pretende coñecer o interese da iniciativa privada respecto a este concurso, sométese a información pública a citada proposta, en cumprimento do disposto na Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, para que entidades, corporacións ou particulares interesados poidan presentar por escrito as propostas ou alegacións que consideren oportunas, con anterioridade á celebración do concurso de referencia, no prazo de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, nos servizos centrais do Ente Público Portos de Galicia, sitos na praza de Europa 5A-6º polígono das Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela, onde poderán examinar a proposta correspondente, exposta tamén no Concello de Cambados, durante o prazo indicado e nos días hábiles de 9.00 a 14.00 horas.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2005.

P.S. (Orde 13-5-2005)

Valeriano Martínez García

Presidente do Ente Público Portos de Galicia

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 21 de abril de 2005 pola que se lle concede a acreditación de laboratorio de ensaios para o control de calidade da construción ao Laboratorio del Noroeste, S.A. (Labornosa), con domicilio social no polígono de Bergondo, parcela B-46/3. 15165-Bergondo (A Coruña).

De acordo co establecido no Decreto 441/1990, do 6 de setembro (DOG do 24 de setembro), polo que se aproba o sistema para a acreditación de laboratorios de ensaio para o control de calidade da construción e a Orde FOM 2060/2002, do 2 de agosto (BOE do 13 de agosto), pola que se aproban as disposicións reguladoras das áreas de acreditación.

A Dirección Técnica da Construción, con informe favorable do Servizo de Calidade na Edificación conforme establecen os artigos 12 h) e 18.3º 1 do Decreto 70/1997, do 14 de marzo (DOG do 10 de abril), esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Conceder a acreditación e inscribir no Rexistro de Laboratorios de Ensaos para o Control de Calidade da Construción o *Laboratorio del Noroeste, S.A.* (Labornosa), con domicilio social no polígono de Bergondo, parcela B-46/3. 15165-Bergondo (A Coruña), polo prazo e condicións a que se refire o artigo 4 do anexo do Decreto 441/1990, do 6 de setembro, nas áreas de:

1.1. Área de control do formigón e compoñentes. Ensaos básicos e complementarios (EHC).

Número de rexistro 15009 EHC 05 B e complementarios que se relacionan.

Granulados

Determinación de terróns de arxila	UNE 7-133-58
Determinación de partículas brandas en granulados grosos	UNE 7-134-58
Determinación de partículas de baixo peso específico en granulados	UNE 7-244-71
Determinación cuantitativa dos compostos de xofre	UNE EN 1744-1:1999
Determinación de materia orgánica en areas	UNE EN 1744-1:1999
Determinación da reactividade dos granulados cos álcalis do cemento	UNE 146-507-99(2) EX, UNE 146-507-99(1) EX e UNE 146-508-99 EX
Determinación de compostos de sulfatos	UNE EN 1744-1:1999
Medida do coeficiente de friabilidade das areas	UNE 83-115-89 EX
Determinación do coeficiente de Los Ángeles. Resistencia ao desgaste de granulados grosos	UNE EN 1097-2:1999
Determinación da estabilidade de granulados fronte a disolucións de sulfato sódico ou magnésico	UNE EN 1367-2:1999
Determinación do coeficiente de forma do granulado grosso	UNE 7-238-71

Determinación do contido, do tamaño máximo característico e do módulo granulométrico do granulado grosso en formigón fresco	UNE 7-295-76
Determinación de cloruros, método volumétrico (Volhard)	UNE EN 1744-1:1999
Determinación dos sulfatos solubles en granulados	UNE EN 1744-1:1999
Determinación da forma das partículas. Índice de laxas	UNE EN 933-3:1997

Augas

Determinación da acidez, expresada polo seu pH	UNE 7-234-71
Determinación do contido total de substancias solubles	UNE 7-130-58
Determinación de sulfatos	UNE 7-131-58
Determinación de cloruros	UNE 7-178-60
Determinación cualitativa de hidratos de carbono	UNE 7-132-58
Determinación cuantitativa de substancias orgánicas solubles no éter	UNE 7-235-71

Formigóns

Realización de ensaios estáticos de posta en carga sobre estruturas de piso	Art. 99.2º EHE Probos de carga
Determinación do contido de aire no formigón fresco. Métodos de presión	UNE 83-315-96
Determinación da densidade do formigón fresco	UNE 83-317-91

1.2. Área de sondaxes, toma de mostras e ensaios *in situ* para recoñecementos xeotécnicos. Ensaos básicos (GTC).

Número de rexistro 15009 GTC 05 B.

1.3. Área de ensaios de laboratorio de xeotecnia. Ensaos básicos e ensaios complementarios (GTL).

Número de rexistro 15009 GTL 05 B e complementarios que se relacionan.

Resistencia e deformación de rochas

Resistencia á compresión uniaxial	UNE 22950-1:1990
Resistencia á tracción. Determinación indirecta (ensaio brasileiro)	UNE 22950-2:1990
Resistencia á carga puntual	UNE 22950-5: 1996

1.4. Área de solos, granulados, mesturas bituminosas e materiais constituíntes en vías (VSG). Ensaos básicos e complementarios.

Número de rexistro 15009 VSG 05 B e complementarios que se relacionan.

Ligantes bituminosos

Destilación de betumes fluidificados	NLT-134/99
--------------------------------------	------------

Auga nas emulsións bituminosas	UNE EN 1428/00
Residuo por destilación das emulsións bituminosas	UNE EN 1431/00
Residuo por evaporación a 163° C das emulsións bituminosas	NLT-147/91

Granulados, recheos e capas granulares

Material que pasa polo criba 0,080 UNE nos granulados	NLT-152/89
Densidade relativa e absorción de granulados finos	NLT-154/92
Adhesividade aos granulados dos ligantes bituminosos en presenza de auga	NLT-166/92
Avaliación dos finos. Ensaio de azul de metileno	UNE EN 933-9/99
Densidade aparente do po mineral en tolueno	NLT-176/92
Coeeficiente de emulsibilidade do po mineral	NLT-180/93
Granulados. Adhesividade mediante placa Vialit	NLT-313/87
Adhesividade aos granulados finos dos ligantes bituminosos	NLT-355/93
Determinación aproximada da materia orgánica en areas para formigóns e morteiros	UNE EN 1744-1/99
Determinación de terróns de arxila en granulados para a fabricación de formigóns e morteiros	UNE 7-133-58
Método para a determinación do óxido cálcico e magnesio en cales	UNE-EN 459-2/02
Determinación do contido en sales solubles dos solos	NLT-114/99
Contido de xeso en solos	NLT-115/99

Materiais compostos

Envolta e resistencia ao desprazamento pola auga de emulsións bituminosas	NLT-196/84
Compactación con martelo vibrante de materiais granulares tratados	NLT-310/90
Consistencia co cono de masas bituminosas	NLT-317/00

Segundo.-Calquera variación nas condicións que serviron de base para a acreditación do laboratorio deberalle ser comunicada a esta dirección xeral no momento que se produza.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.

Fáise público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2005.

José Antonio Redondo López
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

Resolución do 8 de xuño de 2005 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite ordinario, da contratación da redacción do proxecto básico da obra de construción de 32 VPP no Porriño (Pontevedra). (Expediente PO-2005/702).

1. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: redacción do proxecto básico da obra de construción de 32 VPP no Porriño, (Pontevedra).

b) Prazo de execución: 2 meses.

2. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

3. Orzamento base de licitación.

Importe total: trinta e oito mil corenta e oito euros con trinta e cinco céntimos (38.048,35 €), IVE incluído.

4. Garantías.

a) Provisional: exenta.

b) Definitiva: 4% do importe de adxudicación.

5. Requisitos específicos do contratista.

Clasificación: non se exige.

6. Obtención de documentación.

-Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas polos que se rexerá a contratación poderán recollerse durante o prazo de presentación de proposicións na:

-Copistaría *Copy Estudio*.

Enderezo: rúa Nova de Abaixo de Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 59 33 85.

-Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación a través da internet no enderezo:

* <http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=5623>

7. Presentación das ofertas.

As proposicións, que se axustarán ao modelo que se inclúe no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, presentaranse no rexistro da sede dos servizos centrais do IGVS (polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, Santiago de Compostela), antes das 14.00 horas do vixésimo sexto (26) día natural contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De coincidir o dito día en sábado ou festivo o prazo para a presentación das propostas rematará o primeiro día hábil seguinte. Cando a proposición se envíe por correo o licitador deberá xustificar a

data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da dita oferta mediante telegrama ou fax (981 54 16 00) o mesmo día.

8. Posibilidade de variantes.

Admítense.

9. Apertura das ofertas.

A apertura das proposicións admitidas será realizaraa a mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas da sede dos servizos centrais do IGVS, ás dez (10.00) horas do décimo primeiro (11) día natural contado a partir do seguinte ao da finalización do prazo de presentación de proposicións. Se ese día coincidise en sábado ou festivo, a mesa reuniríase o primeiro día hábil seguinte á mesma hora.

10. Gasto do anuncio.

O importe deste anuncio será por conta dos adxudicatarios.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2005.

P.D. (Resolución 6-4-1995)

José Antonio Redondo López

Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Anuncio do 19 de maio de 2005 polo que se empra a o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente 15R001-84-2004.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e despois de intentada a notificación personal, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo conselleiro de Innovación, Industria e Comercio.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, ante os servizos centrais do Instituto Galego de Consumo, con enderezo na praza de Europa, nº 10 A 2º, (polígono das Fontiñas) de Santiago de Compostela en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2005.

Víctor Tello Calvo

Presidente do Instituto Galego de Consumo

ANEXO

Expediente: 15R001-84-2004.

Interesado: W.S.I Orense, S.L. Unipersonal.

NIF/CIF: B-81233363.

Acto notificado: resolución.

Anuncio do 19 de maio de 2005 polo que se empra a o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente 15R001-82-2004.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e despois de intentada a notificación personal, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo conselleiro de Innovación, Industria e Comercio.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, ante os servizos centrais do Instituto Galego de Consumo, con enderezo na praza de Europa, nº 10 A-2º, (polígono das Fontiñas) de Santiago de Compostela en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2005.

Víctor Tello Calvo

Presidente do Instituto Galego de Consumo

ANEXO

Expediente: 15R001-82-2004.

Interesado: Idiomas Ferrol, S.L.

NIF/CIF: B-15698194.

Acto notificado: resolución.

Anuncio do 23 de maio de 2005 polo que se empra a o interesado para ser notificado por comparecencia no expediente 15R001-80-2004.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e despois de intentada a notificación personal, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo conselleiro de Innovación, Industria e Comercio.

A comparecencia deberá efectuarse, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, ante os servizos centrais do Instituto Galego de Consumo, con dirección na praza de Europa, nº 10 A-2º, (polígono das Fontiñas) de Santiago de Compostela en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2005.

Víctor Tello Calvo

Presidente do Instituto Galego de Consumo

ANEXO

Expediente: 15R001-80-2004.

Interesado: W.S.I. Lugo, S.L.

NIF/CIF: B-27231315.

Acto notificado: resolución.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 27 de abril de 2005, da División de Recursos Humanos, pola que se empra as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo interposto por José Antonio Gandarela Pais no proceso extraordinario de consolidación de emprego previsto na Lei 16/2001, do 21 de novembro, da categoría de celador.

No Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela tramítase o recurso interposto por José Antonio Gandarela Pais (P.A. 182/2005) contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto contra a Resolución do 28-5-2004 (DOG número 107, do 4 de xuño) pola que se fai público o acordo do tribunal cualificador que declara a superación definitiva da fase de selección do proceso extraordinario de consolidación de emprego previsto na Lei 16/2001, do 21 de novembro, na categoría de celador.

O recorrente pretende que, na fase de concurso do proceso selectivo, se lle outorguen 45,00 puntos na epígrafe de experiencia profesional, en lugar dos 37,5 puntos obtidos, e que, na epígrafe de formación, se lle asignen 4,5 puntos, en lugar de 1,5 puntos, coa correspondente rectificación do número de orde dentro da listaxe definitiva dos aspirantes que superaron o proceso selectivo.

O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son empra-zadas para que poidan presentarse no xulgado como demandados no prazo de nove días, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, regulamentadora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2005.

José Ignacio Lema Piñeiro

Director xeral da División de Recursos Humanos

Resolución do 11 de maio de 2005, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra-Vigo, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto, para a contratación do servizo de vixilancia e seguridade (C.P. 11/2005 N).

A Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra-Vigo, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme ao establecido na Orde do 3 de febreiro de 2005 (DOG nº 26, do 8 de febreiro) da Consellería de Sanidade, resolve convocar o seguinte concurso público:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra-Vigo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Unidade de Contratación Administrativa.

c) Número de expediente: C.P. 11/2005 N.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición: servizo de vixilancia e seguridade.

b) División por lotes: non.

c) Lugar de execución: centros de saúde de Virxe Peregrina (Pontevedra) e San Roque (Vilagarcía).

d) Prazo de execución: 2 anos.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación: 225.000 euros.

5. Garantía provisional: non se exige.

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade e domicilio: Unidade de Contratación Administrativa, rúa Rosalía de Castro nº 21-6º andar 36201 Vigo, teléfono: 986 81 64 66, fax: 986 81 64 90.

b) Data límite: de luns a venres, de 9 a 14 horas, ata que remate o prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: grupo M, subgrupo 2, categoría A.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: ver os puntos 13 e 14 das follas de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: 15 días contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* (antes das 14 h.). No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, o prazo de presentación rematará o primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: ver pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral da xerencia, no edificio da rúa Rosalía de Castro nº 21 planta baixa.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: 3 meses contados desde a data de apertura das proposicións.

e) Admisión de variantes: non se admiten.

9. Apertura das ofertas:

a) Lugar: sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, Rosalía de Castro 21-8º andar, Vigo.

b) Data: décimo primeiro día contado desde o seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de ofertas. No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura de proposicións terá lugar o día hábil seguinte.

c) Hora: 9 h.

d) Acto público.

10. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario, ver pregos.

11. Se é o caso, portal informático o páxina web onde figuren as informacións relativas á convocatoria ou onde poden obterse os pregos: www.sergas.es.

Vigo, 11 de maio de 2005.

Francisco Javier Caramés Casal
Xerente de Atención Primaria de Pontevedra-Vigo

Resolución do 3 de xuño de 2005, da División de Recursos Económicos, pola que se anuncia contratación, polo trámite urxente, sistema de concurso público e procedemento aberto das obras de construción dun centro de saúde en Cervo (Lugo).

- Obra: construción dun centro de saúde en Cervo.

-Orzamento da contrata: 903.135,26 €.

-Prazo de execución: 18 meses.

-Clasificación do contratista: grupo C, subgrupo 2, categoría d.

-Garantía definitiva: 4% do orzamento de adxudicación.

-Forma de tramitación: urxente.

-Variantes ao proxecto: non se admiten.

Exposición de proxectos:

Os proxectos e mais os pregos de cláusulas administrativas particulares poderán examinarse na División de Recursos Económicos, Subdirección Xeral de Obras, Instalacións e Equipamentos (*Copy Nova*, rúa Nova de Abaixo, 12, local 4, teléfono: 981 59 23 93) ou nas direccións provinciais do Sergas nas respectivas provincias, en días hábiles de 9.00 a 14.00 horas.

Solvencia económica, financeira e técnica:

Os licitadores terán que acreditar a solvencia económica, financeira e técnica, en calquera das formas previstas na Lei de contratos das administracións públicas.

Prazo de presentación de proposicións:

Deberán presentarse en man, no rexistro xeral da Consellería de Sanidade/Sergas, ou nas direccións provinciais correspondentes, ata o décimo terceiro día natural a partir do seguinte ao da publicación do concurso no *Diario Oficial de Galicia* ou por correo na forma

indicada no artigo 100 do Regulamento xeral de contratos do Estado.

Documentación que deberán presentar os licitadores:

-No sobre da documentación persoal: a documentación sinalada na cláusula 5.3 do prego de cláusulas administrativas polas que rexe a adxudicación do contrato.

-No sobre da documentación de referencias técnicas: a establecida na cláusula 5.4 do prego de cláusulas administrativas.

-No sobre de documentación económica: a establecida na cláusula 5.4 do prego de cláusulas administrativas.

Criterios de adxudicación:

Os definidos na cláusula 6.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este concurso.

Apertura de proposicións:

Será realizada pola mesa de contratación nas dependencias da División de Recursos Económicos, a partir das 9.00 horas do décimo primeiro día natural seguinte ao peche do prazo de admisión de ofertas.

No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o día hábil seguinte.

Anuncios:

Os anuncios deste concurso público serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2005.

P.D. (Decreto 14/2005, Orde do 3 de febreiro)

Moisés Hermida Sanromán

Director xeral da División de Recursos Económicos

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE NIGRÁN

Anuncio da oferta de emprego para o ano 2005.

A Alcaldía Presidencia por Decreto do 26 de abril de 2005 decidiu:

De conformidade co establecido no artigo 21.1º g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 128 do texto refundido do réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e demais lexislación aplicable, e visto o cadro de persoal aprobado polo concello, a Alcaldía-Presidencia,

RESOLVE:

Aprobar a oferta de emprego público para 2005 que a seguir se detalla:

a) Funcionarios de carreira:

Denominación das prazas: garda municipal.

Escala: administración especial.

Grupo: D.

Número de prazas: 4.

Denominación das prazas: cabo da policía municipal.

Escala: administración especial.

Grupo: D.

Número de prazas: 1.

Denominación das prazas: auxiliar administrativo.

Escala: administración xeral.

Grupo: D.

Número de prazas: 2.

Denominación das prazas: administrativo.

Escala: administración xeral.

Grupo: C.

Número de prazas: 3.

b) Persoal laboral fixo:

Denominación postos de traballo: educador/a familiar.

Titulación: diplomada universitaria ou superior.

Número de postos: 1.

Nigrán, 4 de maio de 2005.

Alfredo Rodríguez Millares
Alcalde

CONCELLO DE ORDES

Anuncio.

No BOP, número 80, do 11 de abril de 2005 e BOP número 93, do 26 de abril de 2005 (corrección de erros), publícanse integramente as bases da convocatoria realizada polo Concello de Ordes para prover mediante o sistema de concurso-oposición as prazas vacantes no cadro de persoal correspondentes á oferta de emprego público, ano 2004:

-Escala de Administración xeral, subescala administrativa, administrativo, prazas (1), procedemento: concurso-oposición, quenda: promoción interna.

-Escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, policía local, categoría: axente, prazas (1), procedemento: oposición, quenda: libre.

Os que reunindo os requisitos exixidos na convocatoria desexen participar neste procedemento selectivo, deberán presentar instancia no rexistro xeral deste Concello de Ordes, ou segundo o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, durante o prazo de vinte días naturais que se contarán desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria serán publicados exclusivamente no BOP e no taboleiro de anuncios desta corporación.

Ordes, 30 de maio de 2005.

Teodosio Martino Martino
Alcalde-presidente

CONCELLO DE PONTECESO

Anuncio.

Iniciado o expediente de expropiación forzosa polo procedemento de taxación conxunta para a ocupación dos bens necesarios para realización das obras de pavimentación, dotación de beirarrúas e infraestruturas na rúa Concello en Ponteceso (A Coruña), o proxecto técnico que foi aprobado definitivamente polo Pleno corporativo na sesión celebrada o día 26-11-2004, faise pública a relación de propietarios e bens afectados, así como o proxecto de expropiación, durante o prazo dun mes, para que aqueles que poidan estar interesados formulen as observacións e reclamacións que consideren convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos, segundo determina o artigo 143.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Relación de bens afectados:

Predio A:

Refª catastral: 8280906NH0888S0001XQ.

Situación: rúa Concello, Cospindo (Ponteceso).

Lindes: norte: propiedade de Juan Manuel Grela Rey. Sur: rúa Concello. Leste: propiedade de Eduardo Valdés Parga e irmá. Oeste: camiño público a Bouza.

Superficie: 81 m².

Valoración: 9 €/m² × 81 m² = 729 €.

Nome do propietario: José Taibo Collazo.

Domicilio: rúa Concello, Cospindo (Ponteceso).

Predio B:

Refª catastral: 8280904NH0888S0001RQ.

Lindes: norte: propiedade de Juan Manuel Grela Rey. Sur: rúa Concello. Leste: rúa Concello e propiedade de Antonio Pazos Creo. Oeste: propiedade de José Taibo Collazo.

Superficie: 102 m².

Valoración: 9 €/m² × 102 m² = 918 €.

Nome do propietario: Eduardo Valdés Parga e irmá.

Domicilio: Teresa Herrera 3, 4º D.

Predio C:

Refª catastral: 8280905NH0888S0001DQ.

Situación: rúa Concello, Cospindo (Ponteceso).

Lindes: norte e oeste: propiedade de Eduardo Valdés Parga e irmá. Sur: rúa Concello. Leste: rúa Concello. Superficie: 70 m².

Valoración: a) terreos: $9 \text{ €/m}^2 \times 70 \text{ m}^2 = 630 \text{ €}$.
b) Outros elementos: 1.530 €.

Nome do propietario: Beatriz Pazos García e Antonio Pazos García como herdeiros de Antonio Pazos Creo e Amparo García Palleiro.

Domicilio: de Beatriz Pazos García: rúa Alfredo Vicenti, 8, 5º. 15004, A Coruña. De Antonio Pazos García: rúa Durán Loriga, 2, 15004, A Coruña.

Ponteceso, 6 de xuño de 2005.

José Luis Fondo Aguiar
Alcalde

CONCELLO DE TEO

Edicto.

O Pleno do Concello en sesión do 23 de maio de 2005 acordou aprobar definitivamente o estudo de detalle tramitado por instancia de Ricardo Carreiro Álvarez, en representación de *Inversiones Carreiro y Álvarez, S.L.* da parcela F, Plan parcial de San Sadurniño, estrada Santiago de Compostela-A Estrada (AC 841) en Teo, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Ángel Luís Monteoliva Díaz, coas condicións especificadas na escritura pública de acordos sociais número 61 outorgada ante o notario do Carballiño, Ernesto Nicolás Millán, do 17 de febreiro de 2005. Así mesmo, faise constar que a documentación por duplicado e dilixenciada foi remitida á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, o 6 de xuño de 2005. O pagamento dos anuncios será por conta do promotor do expediente.

Teo, 7 de xuño de 2005.

P.D. (Decreto da Alcaldía 27-10-2004)
F. Manuel Parajó Liñares
Concelleiro delegado de Urbanismo

CONCELLO DE TOMIÑO

Anuncio de expropiación forzosa dos terreos necesarios para o colector xeral de Tomiño (2ª fase), incluído no Plan de saneamiento de Galicia cun orzamento de 1.623.401,63 euros.

Visto o Decreto 138/2005, da Xunta de Galicia, do 12 de maio, publicado no DOG nº 106, do 3 de xuño, polo que se declara a urxente ocupación,

para os efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Tomiño, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de colector xeral de Tomiño, 2ª fase, para os efectos da aplicación do procedemento previsto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, faise público que, por resolución da Alcaldía do 6 de xuño de 2005, se fixou para as 12.00 horas do día 11 de xullo de 2005 o acto de levantamento das actas previas á ocupación dos terreos necesarios para a execución da devandita obra.

Todos os titulares de bens e dereitos afectados polo devandito procedemento deberán comparecer persoalmente ou ben representados por unha persoa debidamente autorizada nas oficinas do Concello de Tomiño, sito na praza do Seixo, con todos aqueles documentos acreditativos dos seus dereitos, podendo facerse acompañar se así o considera oportuno, á súa costa, dos seus asesores e/ou notario.

De ser o caso, e para a mellor descrición do ben e dereitos que se van expropiar, o representante da Administración e os propietarios afectados poderán facer acto de presenza no predio ou ben obxecto de expropiación.

O proxecto de expropiación pódese consultar na secretaría do Concello de Tomiño, os luns, mércores e venres, das 10.00 ás 14.00 horas.

Tomiño, 6 de xuño de 2005.

José Luis Fernández Lorenzo
Alcalde

CONCELLO DE VILA DE CRUCES

Edicto.

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 15 de abril de 2005, prestou aprobación ao expediente que rexerá o concurso urxente por procedemento aberto da obra de construción dunha gardaría infantil municipal no Concello de Vila de Cruces (Pontevedra), financiada con cargo ao convenio de colaboración coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, e de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto Carlos Rosón Gasalla.

Para o efecto, aprobou inicialmente o correspondente proxecto técnico así como prego de cláusulas administrativas particulares, que se expoñen xunto con este edicto polo prazo de oito días, respectivamente, para reclamacións, e ordenou anunciar o correspondente concurso público:

Entidade adxudicadora: Concello de Vila de Cruces. Praza D. Juan Carlos I, s/n (36590) Vila de Cruces (Pontevedra). Telf.: 986 58 20 17. Fax: 986 58 24 92.

Obxecto. Obra: construción dunha gardería infantil municipal no Concello de Vila de Cruces (Pontevedra).

Prazo de execución: seis meses (6).

Modalidade de adxudicación: tramitación urxente, procedemento aberto e forma concurso.

Orzamento base de licitación: 270.000 euros.

Clasificación: grupo C, subgrupos 2, 3, 4, 6, 7 e 9.

Garantías: a provisional establécese no 2% do orzamento. A definitiva será igual ao 4% do importe da adxudicación.

Presentación de proposicións: presentaranse na Secretaría do Concello, das 9.00 ás 13.00 horas, na forma establecida no prego de condicións e durante o prazo de trece (13) días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Apertura de plicas: terá lugar ás 9.00 horas do décimo día hábil seguinte ao que remate o prazo de presentación de proposicións. Se este fose sábado, terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

Vila de Cruces, 9 de maio de 2005.

Jesús Otero Varela
Alcalde-presidente

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Resolución do 7 de xuño de 2005 pola que se convoca concurso, con procedemento aberto, para a contratación da subministración de 100 licenzas de software SGBD Oracle con destino a esta deputación. (Expediente 05/5758 do Servizo de Patrimonio e Contratación).

Obxecto: subministración de 100 licenzas de software SGBD Oracle con destino á Deputación Provincial da Coruña.

Lugar de entrega: Deputación Provincial da Coruña.

Prazo de entrega: un mes.

Forma e procedemento de adxudicación: concurso con procedemento aberto.

Orzamento: 32.800 euros.

Garantía provisional: non se exige.

Garantía definitiva: 4% do prezo de adxudicación.

Información: Servizo de Patrimonio e Contratación. Alférez Provisional, s/n, 5º, 15003 A Coruña. Telf.: 981 18 33 00.

Proposicións. Data límite: ata as 13.00 horas, dentro

do prazo de 15 días naturais contado desde o seguinte ao da derradeira publicación no BOP ou *Diario Oficial de Galicia*.

Anuncio extenso: BOP da Coruña.

A Coruña, 7 de xuño de 2005.

Salvador Fernández Moreda

Presidente da Deputación Provincial da Coruña

José Luis Almau Supervía

Secretario da Deputación Provincial da Coruña

MANCOMUNIDADE DAS TERRAS DO NAVEA-BIBEI

Anuncio.

1. Entidade contratante: Mancomunidade das Terras do Navea-Bibei.

2. Órgano de contratación: Presidencia de Mancomunidade.

3. Modalidade da adxudicación: expediente urxente. Procedemento aberto. Forma concurso.

4. Contido do contrato: a adxudicación dun vehículo tractor forestal coas características e nas condicións do prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

5. Lugar da entrega: Mancomunidade das Terras do Navea-Bibei (A Pobra de Trives-Ourense).

6. Prazo de entrega: un mes contado desde a data da adxudicación.

7. Nome e enderezo para presentación das ofertas: secretaría da Mancomunidade-expediente 1/C2005, Casa do Concello da Pobra de Trives, 2º andar, 32780 A Pobra de Trives, Ourense.

8. Prazo para a presentación de ofertas: quince días contados desde o seguinte ao da data de publicación do anuncio de licitación (última publicación DOG-BOP).

9. Apertura das ofertas: o terceiro día hábil seguinte ao do remate do prazo de presentación de ofertas ás 13.00 horas; se coincidise en sábado, adiarase para o luns ou día hábil seguinte.

10. Garantía provisional: non se exige.

Garantía definitiva: catro (4%) por cento do orzamento de adxudicación.

11. Prazo durante o cal o licitador está obrigado a manter a oferta: dous meses.

12. Información e pregos de condicións e prescricións técnicas: sede da Mancomunidade das Terras do Navea Bibei, 2º andar, da Casa do Concello da Pobra de Trives. Teléfono: 988 33 00 00, fax: 988 33 10 10-e.mail: p.contreras.terrasdonaveabibei@eidolocal.es

13. Custos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Pobra de Trives, 3 de xuño de 2005.

Luis Álvarez González
Presidente